

Sr. Martín González, presidente: para desculpar a ausencia do **Sr. Dominguez Piñeiro** por atoparse de viaxe, fóra de España.

ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 14 E 27 DE NOVIEMBRE DE 2017. Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto** e a **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita** dixeron que non asistiron a sesión do **14 de novembro de 2017** e que se absterían na votación desta acta.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, en relación coa acta do **27 de novembro de 2017**, dixo que había cambiar unha palabra, na páxina 167, onde pon “para recoller bolsas”, será, “para recoller botellas”.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a acta da sesión do **14 de novembro de 2017**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Agís Balboa, do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 2 (Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, a acta da sesión do **14 de novembro de 2017** resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación.

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a acta da sesión do **14 de novembro de 2017** coa modificación sinalada polo **Sr. Agís Balboa**, a votación na que, por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada.-----

A)PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS SITOS EN O REVEL PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA, CUALIFICADOS NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SANXENXO COMO EQUIPAMENTO ESCOLAR. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2018.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular: como acaba de explicar o señor Secretario e como xa comentamos na Comisión celebrada previa a este pleno, trátase da posta a disposición de dúas parcelas, identificadas neste informe que acaba de resumir o señor Secretario, para a execución do novo colexio de Vilalonga. Como ben saben todos os membros desta corporación, despois da expropiación, tivéronse que agrupar todas as parcelas de orixe que existían no ámbito de Revel e logo segregalas nunhas parcelas resultado, á vista a do plan especial e na zona de equipamientos. Neste caso trátase da parcela 1 e da parcela 2, que van unidas e destinadas á construción do colexio e están separadas por un espazo inalterado que ten que quedar libre, a resultas do informe emitido no seu día por medio ambiente

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: evidentemente vou votar a favor da posta a disposición dos terreos, o único que lamento é que teñan transcorridos tantos anos con este expediente, principalmente polos erros cometidos pola presidencia do goberno de Sanxenxo, pero esperemos que agora, polo menos, o encargado, señor Telmo, céntrese no que sería o seguinte paso que habería que dar, a aprobación do plan especial de infraestructuras e urbanización da zona do Revel, que é o instrumento necesario agora para poder dar o seguinte paso, que sería o convenio entre o Concello de Sanxenxo e a Xunta de Galicia para poder facer ese colexio que tantos anos levan esperando. Por iso digo que se centren niso, que é a tarefa que compete ao concello, o que ten que facer e non en iniciar ou retomar proxectos, que como parece que non sabía, non era competencia do concello, senón da Xunta, como creo que lle lembraron os seus superiores da Xunta, que non se metese en competencias que non lle corresponden, que se centre no proxecto de urbanización e que non anuncie reformas de proxectos que non lle competen ao Concello de Sanxenxo, que deixe á Xunta facer a súa labor, que o Concello de Sanxenxo e o PP do Concello de Sanxenxo xa bastante complicou esta historia.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: é ben certo que levamos mais ou menos trinta anos na mesna liña, para que isto fose para diante, en darlle os terrenos á Xunta, o importante é que se faga o colexio canto antes e tamén me interesa ver nalgún momento reformado o colexio vello, é outra gran pregunta tamén e que non esperemos anos para que se faga o colexio, esperemos que un ano ou dous, no tempo que se poida facer, porque tamén apostou pola casa da cultura e parece ser que a Deputación non quere dar financiación, esperemos que na Xunta vaia para diante e que non o teñan parado varios anos.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: por fin se poñen os terreos a disposición de la Xunta, despois de que varios gobernos do PP non o fixesen, tivo que vir o tripartito, cando gobernaba con SAL, para poñer isto en orde e que por fin se consiga. Xa no orzamento do ano 2017 había unha partida orzamentaria para levar acabo estas cuestións, orzamento que tanto o PP como o concelleiro non adscrito Roberto Agis votaron en contra. Por último celebro que a Xunta teña unha partida para a redacción do proxecto, creo que hai un proxecto básico, falta o de execución e comparto coa miña compañeira Vanessa que os técnicos da Xunta son moi capaces de facer un bo proxecto e que non é competencia do Concello de Sanxenxo.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: esperemos que esta vez sexa de forma definitiva a disposición dos terreos para a construción do colexio de Vilalonga, aquí xa se fixo en mais dunha ocasión esa posta a disposición dos terreos, pero, obviamente, non cubría os trámites obrigatorios para poder dispoñer deses terreos dunha forma adecuada. Fixo falta unha expropiación, fixo falta volver a dotar economicamente no ano 2016, para pagar as diferenzas que había do xustiprezo para acceder aos terreos, fixo falta

solucionar o asunto vinculado á obtención deses terreos, como é o tema do convenio do P.E.I número 12, é dicir parcelas que xa eran do Concello, ata o punto de que mesmo habendo reclamacións sobre isto, o concello optou polos tribunais. Un cúmulo de circunstancias que sen dúbida non fixo que se puxese o camiño sinxelo, pero naquel momento que se estaban tomando estas decisións referidas a cuestión das parcelas do convenio urbanístico, vostedes criticaron que esa actuación fose necesaria, que en todo caso esas parcelas habería que incluílas na expropiación. Desde o punto de vista público non di nada beneficioso como algo que está nun protocolo de ano 2005 e estamos no ano 2018 para poñer a disposición os terreos que, a priori, se pensaba que se ía facer antes de finalizar o ano 2010, por unha sucesión de cuestións que eu creo que obedecen a improvisación. Aparecen partidas presupuestarias da Xunta vinculadas a este colexio que nunca foron executadas, pero agora se, unha vez tramitado todo o procedemento de ocupación de terreos, non hai mais escusa para cumprir orzamentariamente coa execución deste colexio, pero trece anos mais tarde, nos leva a pensar que no momento inicial nenos/as que tiñan doce anos, transcorridos trece anos, xa terían vinte e cinco, realmente levaran as súas fillas/os, esa xeración a que se lle prometeu o colexio no ano 2005. Isto, desde o punto de vista público, é bastante lamentable. Creo que foi innecesario vir aquí en mais dunha ocasión con trámites improvisados, onde se poñían a disposición os terreos, cando realmente non cumprían as condicións para que eses terreos fosen postos a disposición e iso sucedeu aquí, consta na convocatoria, nas actas e nos plenos desta corporación e eu creo que os pasos que había que dar, déronse entre o 2015 e ata mediados do 2017; que é cando realmente chegouse a tramitar plenamente a posta a disposición dos terreos. O que se viu é que a demora é absolutamente inxustificada.

Sra. Deza Martínez: faime, como mínimo, grazas que diga que foi grazas ao tripartito desde o ano 2015 ao 2017, o expediente esta aí, para ver perfectamente cal foi a tramitación. Para empezar quen comprou eses terrenos foi un alcalde do PP, que está aí sentado agora mesmo e para seguir, quen obstaculizou o proxecto do colexio de Vilalonga foi o bipartito da Xunta, formado polo PSOE e o BNG. Vostedes están empeñados en ir constantemente ao pasado, en vez de ver ao futuro, pero hai que lembrar todo e o bipartito foi quen obrigou a este Concello a ir a unha avaliación medioambiental estratéxica, cando ao SU 26, que está á beira, díxolles que non era necesaria a avaliación estratéxica. Iso obrigou a que este plan especial, que se aprobou no ano 2012, tivese que pasar polo POL, grazas a ese bipartito, ocorréselle naquel momento que un solo privado, de xestión privada, non tivese que ser sometido a avaliación medioambiental, pero un solo de xestión pública, se. Vexan vostedes que sempre din que o PP é o que defende a xestión privada, pois neste caso parece ser que o BNG e o PSdeG/PSOE eran os dous partidos que formaban o goberno. Faime grazas que digan que tivo que vir o tripartito ao Concello de Sanxenxo e que desde o ano 2015-2017 déronse os pasos, cando está aí o expediente de expropiación e o proxecto de urbanización. Todos feitos e tramitados por gobernos do PP de Sanxenxo, o plan especial feito polo PP de Sanxenxo e a avaliación medioambiental estratéxica feita polo PP de Sanxenxo. Partindo da base de que grazas aos seus compañeiros de partido tivemos que pasar polo que tivemos que pasar, porque senón non estaríamos onde estamos e, seguramente, estaría feito o colexio de Vilalonga. Non tenten enganar á opinión pública porque hai papeis. Non entendo porque segue insistindo en dicir cousas que perfectamente se poden comprobar a través de documentos que están por escrito. O Concello de Sanxenxo puxo terreos a disposición da Xunta no seu día, que non chegaron despois por todo o que acabo de explicar. Estou de acordo con Vanessa, previo ao convenio hai que aprobar o proxecto de urbanización, agora ben, como sabe Vanessa, a urbanización pode ir conxunta coa execución do colexio, é certo que temos que ir a aprobación, pero o proxecto de urbanización xa está rematado e sería, simplemente, aprobar o proxecto.

Sra. Rodríguez Búa: Cando levamos unha tramitación de mais de trece anos é porque evidentemente, houbo unha “cagada” polo medio. Neste expediente non houbo unha, houbo moitísimas e sempre durante os gobernos do PP. Supoño que cando a compañeira Coral fai unha referencia ao que se solucionou co tripartito en dous anos é por unha cuestión en concreto, había un convenio feito por un goberno do PP que estaba xerando un problema e quen lle deu solución fomos nós. Dímoslle solución a ese problema, pero repito, houbo moitos e iso é o que xustifica que levemos trece anos para poder dar o paso que estamos dando hoxe, porque houbo erros polo medio, senón non entendo porque se atrasou esta historia tanto no tempo. Está claro que houbo erros, está claro que quen gobernaba era o PP e está claro que durante a época do tripartito solucionouse, polo menos, un deles e era moi importante e quero aclarar que leva aí moito tempo o famoso convenio, que ademais se trouxo aquí en varias ocasións. En canto a mirar cara ao futuro eu son a primeira que o di, de feito por iso dicía que, por favor, agora centrédesvos no que é necesario facer neste momento, a aprobación definitiva do proxecto de urbanización e a sinatura do convenio, para que se saiban as obrigas do concello e da xunta, niso é no que hai que centrarse.

Sr. Otero Domínguez: co malísimo tripartito, casualmente, fíxose o protocolo, ata ese instante ninguén comprometera o colexio en Vilalonga e outro en Dorrón, sen aquel protocolo non habería colexio nunca. Vostedes, na etapa 2011-2015, esta cuestión da batalla do tripartito e todo iso trouxéronlo aquí como argumento esencial para que non se movese fundamentalmente nada desde o punto de vista da ocupación dos terreos. O que é tremendo e que vostedes metan dúas fincas dentro da expropiación, cun informe xurídico da casa, que interpretaba que esas fincas tiñan que entrar dentro da expropiación, pero nós non nos contentamos con iso, recorremos a outras opinións e chegouse á conclusión de que esas fincas non debían ser expropiadas, xa que pertencían ao Concello e evitamos de paso un custo para o concello de 600.000 euros, polo tanto non é unha cuestión menor. Resulta que, mentres se estaba facendo o ISA, entrou un tema que se chamaba POL, feito polo señor Nuñez Feijoo en canto chegou ao goberno da Xunta e ¿por que aplicaron o POL ao Revel, cando non o aplicaron a urbanizacións que estaban no litoral? ¿por que se aplica unha liña de protección medioambiental dentro do propio Revel? A cuestión é que non vale estar constantemente falando de que se obrigou a facer un informe pola consellería e non mencionar o feito de que houbo que conseguir mais terreos debido ao POL. Pero estamos ao que estamos, eses terreos definitivamente son necesarios para o colexio e aí estamos todos de acordo, pero hai cousas que, efectivamente, conseguíronse xa antes.

Sra. Deza Martínez: Cando a Xunta obrigou a facer o informe ISA, automaticamente obrigou a entrar ao POL, simplemente iso. Despois fala dun informe xurídico sobre a incorporación dos terreos do P.E.I-12 á expropiación, eu tampouco quedei contenta coa solución da casa e pedín un informe externo, que ratificou o informe da casa, dicindo que habería que ir á expropiación, isto xa o expliquei en varios plenos, incorporámolo á expropiación a expensas do dito convenio, non quería dicir que o convenio non quixese ratificalo, porque nós tamén falamos coas propiedades, incorporáronse en base a un informe escrito interno e outro externo que o ratificou e tivemos que incorporalos porque senón os incorporamos nese momento e despois resulta que o convenio non se podía ratificar, como finalmente ratificouse, teríamos que traer todas as actuacións ao inicio. E mire, se desde o ano 2011 ao 2015 non se fixo nada: un plan especial, o informe do POL, un proxecto de delimitación, un proxecto de expropiación, un proxecto de urbanización, todos esos expedientes se fixeron nos anos 2011-2015, están en urbanismo para que cando queira os vexa. Por outro lado, agora co goberno da Xunta do PP, paga o 100 % a Xunta, o bipartito quería que os veciños de Sanxenxo pagasen o 50 %, cando non obrigaban a outros concellos amigos, Sanxenxo non era amigo nin do BNG, nin do PSOE.

Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal: eu creo que non hai que mirar para atrás, en múltiples ocasións falouse aquí do tema do colexio, dos terreos, viñeron a pleno bastantes veces, pero falando do P.E.I-12 e do convenio algo terei que dicir e ese señor, concelleiro de urbanismo, que está aí, tamén algo terá que dicir, porque fomos as dúas persoas que apostamos por validar ese convenio. Tivemos que buscar os informes necesarios, tróuxose ao pleno e, todo hai que decilo, aprobouse un presuposto con vostedes estando no goberno, pero que se atribúan vostedes a validez do P.E.I-12, vostedes estaban no goberno, pero quen levaba a concellería era o Sr. Fernández Piñeiro de “SAL”, que estaba en urbanismo, e eu, que nesa época era alcalde, xuntámonos moitísimas veces coa xunta de compensación e cos xurídicos e finalmente validouse. Paréceme ben que todos botémonos flores, pero estas cousas tamén hai que dicilas.

Sr. Martín González, presidente: xa se falou do pasado, entón non vou a entrar porque quedou suficientemente claro, non vou a buscar culpables, porque todos temos parte de culpa niso, o que hai que mirar é cara o futuro, pero para mirar cara o futuro hai que facer as cousas ben. A señora Rodríguez Búa fai mención a que este alcalde anunciou que ía facer o proxecto do colexio de Vilalonga, pero agora vou comentar porque fago esa estratexia, para que a señora Rodríguez, que eu creo que é unha persoa que ten un bo futuro político, saiba que ás veces hai tamén que esperar a ter un pouco de experiencia para atacar e non ir soamente, por ser eu alcalde, a atacar sen sentido ningún. O compromiso que hai por parte da Xunta con todos os que estamos aquí e de facer un colexio en Vilalonga, entón a compañeira Vanessa debe saber que leva implícito que o concello debe facer a urbanización de toda esa zona. Aínda que non é politicamente correcto na comunicación o que vou dicir, cando accedo á alcaldía de Sanxenxo por segunda vez, o 30 de maio ou 1 de xuño, tivemos que actuar no verán e puxémonos a traballar cos proxectos que nós consideramos que había que levar para diante, ademais asinados nun pacto de goberno e, un deles, é o colexio de Vilalonga. Entón pido o proxecto que hai encima da mesa do colexio e Gonzalo dáme o proxecto, míroo, análízoo e coméntolle que ese proxecto non pode ser para Vilalonga, que non me gusta, que Vilalonga quere unha cousa moito mellor, porque vin o proxecto e pódoo ensinar a todos vostedes. Polo tanto o proxecto non serve, eu non o quero como alcalde, hai que facer un proxecto novo e como eu sei que o proxecto o ten que facer a Xunta, porque é así; teño que meter o órdago na prensa para que me chamen e, a cambio de non facer o proxecto, conseguir outras cousas, pero o proxecto vámoloo vixiar nós, e ¿que conseguimos? Que a urbanización a pague a Xunta, nós soamente temos que facer a rúa e iso ímoloo conseguir proximamente e a ver se conseguimos tamén facer, moi importante, un pavillón á beira do colexio, que non estaba previsto. Vai a ser unha realidade, Vilalonga vai a ter dous pavillóns e vai estar ubicado de tal maneira que pola semán é para os nenos e o fin de semán e cando non haxa colexio é para persoas que poidan practicar alí deporte. Pero se eu non anuncio iso, non consigo esas cousas, igual que proximamente vai a ser vostede coñecedora de como vai a executar una obra de mais de 2.000.000 de euros o concello de Sanxenxo, poñendo os cartos a Xunta. As cousas rematan cando se acaban e, cando se acaban, os veciños valoran. Entón vostede cre que por un proxecto de 50.000 €, conseguir ao mellor medio millón de euros mais que vai costar iso, non paga a pena facer esas cousas. Polo tanto iso é o que vai a ser real en Sanxenxo e por fin haberá colexio en Vilalonga e eu non poido dicir agora que é cun goberno do PP, porque o goberno é PP-SAL, pero se é verdade que é cun alcalde do PP. Polo tanto vamos a someter a votación o punto número dous.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“ÚNICO: poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia os seguintes inmobles de titularidade municipal sitos no lugar de O Revel, Vilalonga, de conformidade coa documentación gráfica adxunta:

Parcela 1: finca de 3.588,28 m² de superficie sita no lugar de O Revel, parroquia de Vilalonga. LINDA: Norte, parcela de resultado identificada co número 6, destinada a sistema viario; Este e Sur, parcela de resultado identificada co número 8, destinada a espazo libre – zona verde (EL1); Oeste, parcela propiedade do Servizo Galego de Saúde, situada fora do ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B – O Revel, Vilalonga.

Cualificación urbanística: equipamento docente.

Referencia catastral: 36051A040006030000FA.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados ao Tomo 1.546, Libro 543, Folio 144, inscrición 1ª, finca rexistral nº 47.509.

Parcela 2: finca de 11.345,67 m² de superficie sita no lugar de O Revel, parroquia de Vilalonga. LINDA: Norte e Este, parcela de resultado identificada co número 6, destinada a sistema viario; Sur, sector de solo urbanizable nº 26 e parcelas catastrais nº 15 e 22 do Polígono 40 de Sanxenxo; Oeste, parcela de resultado identificada co número 8, destinada a espazo libre – zona verde (EL1).

Cualificación urbanística: equipamento docente.

Referencia catastral: 36051A040006040000FB.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados ao Tomo 1.546, Libro 543, Folio 145, inscrición 1ª, finca rexistral nº 47.510.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE E O CONCELLO DE SANXENXO PARA ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xeraisdo 24 de xaneiro de 2018.

Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular: o que temos aquí é a aprobación dun convenio de colaboración novedoso a través da Academia Galega de Seguridade Pública, para os pequenos e medianos concellos, sobre todo para centralizar a contratación dos Auxiliares da Policia Local na tempada de verán desde a Academia Galega de Seguridade Pública. Nós somos un dos concellos que mais policia local e auxiliares temos e entendemos que vai a ser moi vantaxoso para este concello. Por un lado temos, e o sabédelo os que estivestes tamén no goberno, moitísimo traballo burocrático, porque temos que facer as

probas, ademais o proceso de selección é bastante engorroso. Tamén se crea unha bolsa de policía local, da que en calquera momento poderíamos dispoñer. Eles encargáranse de facer todas as probas, físicas e técnicas e nós, o único que teríamos que facer, é dicir cantos efectivos necesitaríamos. O convenio asinariase non só para auxiliares, senón tamén para policías locais fixos e adxuntos.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: Evidentemente estou a favor de que este tipo de procedementos selectivos de persoal se leve dunha forma mais centralizada e non quede tanto en mans das corporacións municipais. Neste caso, aínda que sexa unha incorporación voluntaria dos concellos, quero entender que todos se van a incorporar, co cal o desexable é que o Concello de Sanxenxo tamén o faga, estraño parecería o contrario. Sinxelamente desexo que a partir de agora todas as prazas que se vaian a convocar, tanto de auxiliares como prazas fixas, mesmo a posible praza da que se falou coa creación nos orzamentos, vaia a través deste procedemento, creo que sería o correcto.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: aínda que non estiven na comisión vou votar a favor, basicamente porque paréceme interesante que saquen isto e mais para o Concello, é unha cousa que dixo Marcos, o tema é que hai que cumprir certos requisitos, tanto a Xunta ten os seus deberes como os Concellos e hai que avisar, pedir as prazas etc, pero espero que non vaia mais alá dun ano.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: eu tamén vou votar a favor, hai unha parte que ao mellor non teño razón, pero a vou dicir; non existe equiparación salarial en toda Galicia e iso paréceme unha cousa negativa e que a Xunta podería emendar, ese é o aspecto negativo. A nós nos beneficia, xa que Sanxenxo é un dos concellos que mellor paga aos seus policías, a xente vai querer vir aquí e ese é para min o único punto negativo, tería que haber unha equiparación salarial de todos os policías. Outras partes positivas é que fala de cursos de formación e capacitación, libera ao concello de trámites administrativos e tamén, supoño, que reducirán custos aos concellos e estou segura que os procesos de selección serán obxectivos e transparentes. Volvo a repetir que a nosa policía ten un soldo bastante elevado con respecto a outros concellos e espero que isto faga desistir ao Sr. Alcalde dunha intención que nos trasladou na xunta de voceiros de pagar unhas horas extraordinarias aos policías, cousa que co plan de axuste está totalmente prohibido. Esas son as miñas razóns, veo que hai moitas partes positivas, pero unha cousa que non entendo é que non exista equiparación salarial en toda Galicia.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Un pouco na mesma liña que, neste caso, Coral, que se centralicen as probas e a formación na Academia Galega de Seguridade, a priori, é unha cuestión que creo que xa tardaba, é dicir o normal, tendo en conta as funcións que se lles adxudican nestes momentos ás policías locais porque hai unha cuestión grave; os policías locais existen desde sempre nos concellos, polo menos na época democrática, pero o que está claro e que os policías locais hoxe teñen unhas funcións que, en teoría, en materia de seguridade tería que asumir a Garda Civil e, polo tanto, ao final os policías locais fan unha función que case debería ser responsabilidade da consellería, sobre todo porque a ordenación do tráfico terá moitos apartados, pero realmente nos últimos anos prevalece mais a cuestión de seguridade. Está moi ben que se centralice, pero tamén está moi ben que, previamente a iso, haxa unha asunción de responsabilidade en termos cuantitativos por parte das distintas administracións porque, como digo moitas veces, se descansa encima dos concellos, porque xa os concellos encárganse con fondos propios de facer esa labor. En definitiva creo que estaríamos todos de acordo en que debería de haber unha aportación complementaria doutras

administracións para axudar aos concellos a cubrir as necesidades básicas e moito mais nun concello de 17.000 habitantes, que se multiplica por dez ou por oito e, de súpeto, aumenta a inseguridade no seu conxunto. E logo, o apartado ao que se refería a compañeira Coral, unha vez mais déixase un apartado sen cubrir, que é que unha vez que eses policías acceden a esa bolsa, os concellos teñen que establecer uns salarios que non son uniformes e temos o antecedente negativo dos socorristas, cos que se xera unha competición para pagar mellor e tendo en conta que é unha etapa estival, pois loxicamente os socorristas veñen a este concello e, a pesar de que pensabas que tiñas cuberta esa necesidade, logo, sobre a marcha, decae. Con isto pode suceder un pouco o mesmo, porque creo que é prexudicial que non se establezan esas bases de salario uniformes, porque creo que un policía é o mesmo policía facendo unha función nun concello que noutro e, en especial, nun concello como o noso, que ten que cubrir, sobre todo en termos pobacionais, un servizo moi importante, pois o razoable e que haxa esta equiparación e que en ningún momento Sanxenxo teña que subir a aposta para dispoñer ou cubrir as necesidades que ten de policía.

Sr. Guisasola Padín: quero dicir que estou totalmente de acordo con vostedes, sobre todo que a administración autonómica debería de apoiar moito mais economicamente aos concellos, e mais neste caso como Sanxenxo, aos que son turísticos. O único que podó dicir que é unha novidade este convenio, esperemos que saia ben e que sea beneficioso para todos os concellos.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar o convenio para asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais, asumindo as obrigas e compromisos derivado do referido convenio.

SEGUNDO: facultar ao Sr. Alcalde-presidente, D. Telmo Martín González, para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo.”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA APROBACIÓN DO “IV PLAN DE IGUALDADE DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE SANXENXO (2018-2021)”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xeraisdo 24 de xaneiro de 2018.

Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular: moi boas tardes a todas as persoas que nos acompañan. A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal que está marcado nas normativas e documentacións emitidos por organismos internacionais europeos, autonómicos e locais, así mesmo é un principio consagrado na Constitución Española, que no seu artigo 14 proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Rematada a vixencia do terceiro plan de igualdade do Concello de Sanxenxo é precisa a aprobación dun novo plan, polo que desde o Centro de Información de Mulleres do Concello de Sanxenxo e desde a Concellería de Servizos Sociais e Igualdade traballouse na elaboración deste cuarto plan, que hoxe traemos para a aprobación, un plan para a igualdade entre mulleres e homes que sirva como aposta e compromiso para seguir

traballando a favor da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes neste concello durante os próximos catro anos, de 2018 a 2021. Durante os meses de agosto e de setembro avalíase o plan anterior, un estudo de diagnóstico da igualdade no noso Concello, para iso enviouse desde a Concellería unha serie de formularios individualizados ao persoal da propia casa e tamén a axentes sociais implicados, ao Centro de Saúde e asociacións de mulleres, que nos devolveron cumprimentados e que nos serviron para saber cales das pautas marcadas no anterior plan foran cumpridas e tamén para entender como estaba o tema da igualdade entre mulleres e homes no noso Concello. A partir desta fase de avaliación abriuse un prazo de achegas, entre os días 21 e 28 de novembro, para que toda a cidadanía, en base a un borrador inicial do plan que propoñía as áreas de actuación e as novas medidas, fixese as súas achegas, non recibimos ningunha, polo que rematada dita fase procedimos á redacción final do plan, que é o que hoxe traemos para a súa aprobación. O plan, a groso modo, aínda que se distribuirá e difundirá pormenorizadamente, propón oito grandes áreas de actuación e sesenta e unha actuacións concretas en favor da igualdade e da non discriminación, polo que esperamos contar co apoio da oposición, moitas grazas.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: simplemente dicir, en canto á proposta dá alcaldía para a aprobación do plan de igualdade, como ben indica seu nome, é o cuarto plan de igualdade co que, evidentemente, supoño que incorporará unha serie de valoracións que se fixeron como consecuencia do resultado que tiveron os anteriores. Conclusións ou informe de valoración sobre cumprimento do anterior que non consta na proposta e eu creo que sería un elemento esencial para que nós, que agora temos que votar este punto, se puidésemos valorar se esas actuacións que se incorporan son as adecuadas ou se puido haber algunha outra a maiores, baseándonos nos resultados do anterior plan de igualdade, evidentemente imos votar a favor, porque é o plan de igualdade que hai, pero eu entendo que para que fose máis efectivo, teríase que ter en conta o informe do anterior plan para facer unha valoración completa e creo que ademais, tanto o informe valorando o cumprimento do anterior plan, como o actual plan, deberían estar colgados na páxina web do Concello para que tivese acceso calquera persoa que puidese estar interesada, porque agora mesmo non o están.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: comentar simplemente que vou votar a favor, quizá o que dixo agora tamén Vanessa é verdade. Eu non entendo o dito de que puxestes un período para que a xente fixese protestas ou achegas e non se achegou ningunha. Resúltame estraño, non se se a xente decatárase, non sei onde o puxestes ou como o fixestes, pero basicamente paréceme raro. Hai moitos problemas de desigualdade, por desgraza e todo o que sexa mellorar, para que a igualdade sexa real, como debería ser desde hai moito tempo, terá o meu voto a favor sempre.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: boas noites, na páxina vinte e dúas do cuarto plan de igualdade que nos propoñen, ten vostede un cadro da Corporación diferenciando entre homes e mulleres, un total de dezasete persoas, once homes e seis mulleres, eu facílotolle o goberno de PP – SAL, ten oito homes e tres mulleres e o goberno do tripartito tiña cinco homes e tres mulleres, unicamente, a nivel de información. A semana pasada Rajoy insistiu en non pronunciarse sobre se as mulleres ou os homes que desempeñen as mesmas funcións nunha empresa teñen que cobrar o mesmo. A igualdade entre homes e mulleres é responsabilidade directa de calquera presidente, pero o PP sempre decide non meterse e remar a favor dos avances en igualdade. Vou votar a favor, por suposto, calquera cousa que sexa pequeniña a favor da igualdade, paréceme que hai que apoiála, pero podería dicir, como fixeron vostedes, que condiciono o meu voto favorable a que se insten ao señor Presidente de España a

que rectifique esas declaracións publicamente. Iso fixérono vostedes coa moción que presentei sobre a violencia de xénero, onde o PSdeG facía unha serie de peticións. Non o vou a facer, porque me pareceu mezquino, pero o que creo é que o señor Rajoy, que é precisamente o Presidente de todos os españois, homes e mulleres, debe empezar a gobernar e legislar para acabar coa brecha salarial, que é escandalosamente enorme en España e que denota unha total e absoluta insensibilidade con respecto ás cuestións sociais de igualdade. Nada mais, moitas grazas.

Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Boas noites a todos e a todas, efectivamente o cuarto plan de igualdade, antes estivo o terceiro, o segundo, o primeiro, fíxose grazas a unha subvención da Deputación de 4.430 euros, dos 6.000 que custa ou plan, por certo, subvención pedida sendo eu Concelleira de Igualdade. Estes plans de igualdade poden ter dous usos, ser unha boa ferramenta de traballo ou, simplemente, unha mera declaración de intencións para quedar ben cara á galería. Tirando da traxectoria política do Partido Popular en materia de igualdade, non pode ser mais nefasta. En materia de igualdade os avances sempre foron con gobernos progresistas e cos votos en contra do Partido Popular. Cada vez que houbo unha iniciativa para dar visibilidade e igualdade aos sectores mais vulnerables da sociedade, o PP votou en contra. Foi o Partido Popular, no ano 1978, o partido que votou en contra do divorcio, no ano 1985 votou en contra do aborto, en todos os seus supostos, no ano 2005 en contra do matrimonio homosexual. Estas dúas últimas leis, por certo, aborto e matrimonio homosexual, recorridas polo PP no Constitucional. No ano 2014 pretendían unha reforma na lei do aborto, en contra do dereito da muller a decidir sobre ou seu propio corpo. Foi retirada, obviamente, por toda a tensión que houbo da propia sociedade. No ano 2017 o Partido Popular foi o único partido que non apoia a lei de igualdade proposta polo colectivo FELGTB (A Fundación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais). E xa a última perla, como dicía Coral, foi cando hai uns días, nunha entrevista do líder do Partido Popular, o Señor Mariano Rajoy, cando lle comentaban que en Islandia acababa de saír unha lei que equiparaba os soldos de homes e mulleres, é dicir, igual traballo, igual salario, non hai mada mais igualitario que iso, dixo que: “mellor non nos metamos niso”. Polo que permitan que teña as miñas retencions do uso que lle vai dar o Partido Popular a este plan, evidentemente, votaremos a favor do plan, pero teño moitas retencions sobre a política ou sobre a ideoloxía que o Partido Popular ten da igualdade.

Sra. Freire Fernández: En primeiro lugar, o borrador inicial do plan foi publicitado nos medios de comunicación, na páxina web do Concello, estivo colgado a disposición de toda persoa que o necesitou e demandou, enviouse por correo aos compañeiros da Corporación, remitíndoo eu persoalmente, por correo electrónico, o 21 de novembro de 2017, quizais hai algún erro no correo do señor Agís, porque non o recibiu, intentei que o recibisen todos, quizais como un extra, porque estaba suficientemente publicitado e anunciado. Nese borrador están as conclusións da diagnose de xénero do plan anterior que quería coñecer a señora Vanessa, están nese borrador que lle remitín e vou volver a remitirle o correo coas conclusións do plan anterior. En relación ao que nos dicía a señora Coral, os datos son achegados polo Concello da realidade de como está conformada a Corporación neste momento, non hai diferenza de 2016 e 2017, governe o tripartito ou non, as mulleres que estamos aquí somos as mesmas, pero unha das medidas concretas do plan vai un pouco nesa liña de tentar que as formacións políticas teñan as listas mais paritarias e niso pode estar de acordo. E certo que este plan de igualdade está cofinanciado pola Deputación de Pontevedra, porque era unha subvención que se pediu cando saíu, noutros momentos foi cofinanciada por unha subvención da Xunta, houbo plans anteriores que foron na súa totalidade pagados cos cartos municipais, tampouco creo que teña tanta transcendencia, pero

se é certo que está cofinanciado por unha subvención da Deputación. Este plan pretende ser un marco de traballo no noso Concello, nas áreas inclúense obxectivos xerais e específicos e dentro de cada área hai actuacións concretas e cremos que é un plan que se pode facer real, no que se todos arrimamos o ombreiro podemos conseguir moitas cousas, hai medidas novas que van ser postas en funcionamento nos próximos meses. Gustaríanos crear un Consello da Igualdade, cos departamentos municipais implicados, continuar coas campañas específicas que se viñan facendo, queremos visibilizar a labor das mulleres a través da creación dun premio específico á súa traxectoria vital, que será o 8 de marzo, seguir cos obradoiros de emprego, coa elaboración dun protocolo específico, creo que este plan é un marco de referencia de traballo para a política municipal, para que se traballe entre todos desde a perspectiva de xénero en todas as áreas municipais, porque por desgraza, a día de hoxe, perpetúanse as desigualdades por razón de xénero, moitas grazas.

Sra. Rodríguez Búa: simplemente o que dicía antes, é esencial que teñamos acceso a iso e agora o acabo de ver, a raíz do comentario de Coral, para corrixir unha errata na páxina 22, cando fala precisamente dos datos da Corporación municipal por sexo, pon ano 2016 e eu creo que vos queriades referir ao ano 2017, porque os datos que aparecen aí non son do 2016.

Sra. Freire Fernández: son do momento da redacción do plan, no mes de decembro.

Sra. Rodríguez Búa: pois hai un erro porque pon 2016 e, entón, era 2017.

Sra. Fernández Agraso: Acaba de falar vostede do que a compañeira Coral dicía da Corporación e, primeiro, a Corporación vén dada segundo o resultado que consegue cada partido e, segundo, a estrañeza de que haxa mais homes que mulleres, é imposible facer unha Corporación paritaria, porque as listas sábense que non son cremallera, que son sesenta, corenta, pero tamén supoño que saberá vostede que esa lei foi posta por un goberno progresista e non polo Partido Popular e que esa lei tena recorrida no Constitucional o Partido Popular, porque consideraba que non facía falta esa discriminación positiva. Entón predica unha cousa, pero logo o seu partido ten recorrida a inclusión da muller na política, é polo que a min éntame esa dúbida respecto á utilización do Partido Popular dos plans de igualdade, porque di unha cousa, pero logo, chegan mesmo a recorrer ata no Constitucional algo que é de caixón, xa debería ser cremallera, pero polo menos, sesenta- corenta, iso é un pouco de igualdade. Hai un par de suxestións, por se as quere coller, senón, non as colla, como dicía, hai un plan un, un plan dous, un plan tres, eu lembro, non se se o lembran as compañeiras, que a anterior Concelleira de Servizos Sociais do Partido Popular, creo que estabamos aprobando o plan tres, eran cousas pequenas, toques pequenos, que son necesarios e moito mais se eres a Concelleira de Igualdade. Dirixinme á xente, boas noites a todos e a todas e ela non o facía, eu recrimineillo, non se se vos lembrades e díxome que iso non era necesario, chamoume bastante a atención, sendo ela Concelleira de Igualdade, que non considerase necesario a linguaxe non sexista. Ata o 2015, que entrei, tampouco consideraron necesarias listas paritarias nos tribunais, entendo que seguen sendo así, se che pediría que estas pendente de que non se fagan preguntas persoais, estas casada ou solteira, tes fillos, non tes fillos, tes hipoteca, cousas desas ás persoas que son sometidas a unha entrevista de traballo e, se o estou dicindo, é por algo. E logo, como suxestión, nos tiñamos pensado a implantación da administración electrónica, non se se vós tamén estades niso, coa linguaxe inclusiva, alumnado en vez de alumno, alumna, cidadán en vez de señor, señora e pequenas cousas que se poden facer desde a Administración para concienciar á xente da linguaxe inclusiva, da linguaxe non sexista e da igualdade, á parte da educación non sexista, promocionar a igualdade desde a educación, porque o principal é educar aos nenos e nenas na

igualdade, para que logo sexan cidadáns que respecten sempre a homes, mulleres, gais, lesbianas ou o que queiran ser, grazas.

Sr. Martín González, presidente: antes de someter a votación, a min paréceme moi ben todo isto, temos unhas preocupacións grandísimas e, ás veces, creo que falamos para saír nos medios de comunicación, porque a min paréceme ben o da igualdade e preguntome, se quero facer unha lista só de mulleres, non pode ser tamén sexista, entón non vale a intelixencia, nin a formación nin nada, o que vale é que tes que ser muller, para min hai auténticas chorradas, despois ímolo a ver na moción, poderíamos falar aquí de moitísimas mais cousas, do machismo e todo iso, porque non falamos con claridade, falamos para os medios de comunicación e para a xente, falemos un día, se queredes, en profundidade deses temas do machismo e da igualdade. Como hai que dicir un periodista, que é feminino ou masculino, houbo xente neste país, escritores moi importantes e valiosos que non están de acordo con iso, o que pasa é que nos deixamos levar porque quen manda son as redes sociais e os medios de comunicación, non manda niso o sentido común da xente. Auténticas chorradas, o digo pola moción que presentaron vostedes despois aquí, ou sexa que se un quere facer unha lista só de mulleres, a min pasoume iso, por iso o digo, estou en contra, se un partido político quere facer unha lista maioritariamente con mulleres, non pode, eu defendo iso porque estiveron criminalizadas e discriminadas durante moitos anos, pero cando un do PP fala, poñemos o berro no ceo se mete a pata en algo, se fala a esquerda, non, iso é sagrado, palabras que se inventan, auténticas chorradas. Temos moitos problemas mais graves na sociedade que eses.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar o **IV PLAN DE IGUALDADE DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE SANXENXO (2018-2021)** que se adxunta á presente proposta.

SEGUNDO: Dar conta do presente acordo á **Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia** aos efectos oportunos.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 02 DE NOVEMBRO AO 11 DE DECEMBRO DE 2017 (DE RES. Nº 2255/17 A RES Nº 2519/17). O **Sr. Presidente** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 02 de novembro ao 11 de decembro de 2017**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN DA CIG AOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS DE 2018 DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“María Deza Martínez, voceira do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA LA RESOLUCIÓN DE LA ALEGACIÓN DA CIG AOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2018 DO CONCELLO DE SANXENXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data do día 24 de xaneiro entra no Rexistro Xeral do Concello un documento asinado con data do día 23 pola CIG, con alegación aos orzamentos municipais 2018 do Concello de Sanxenxo.

Nese escrito figuran como alegacións as seguintes:

1. Non se entende o mantemento das diferencias salariais entre persoal funcionario e persoal laboral do mesmo grupo e categoría xa que nese concello hai de equiparación salarial dende hai uns anos polo que solicitamos que a igual traballo igual salario. Solicitamos se adecúe partida presupostaría para levar a cabo este tema.
2. Solicitamos que se revisen as nóminas do persoal pois o que se aboa a cada traballador/a non se corresponde en moitos casos co que figura aprobado nos orzamentos municipais o que vai en detrimento do persoal.
3. Parécenos innecesaria a creación dun posto de Inspector principal na policía local dada a dimensión actual da plantilla e propoñemos que se deixen as 2 que hai de oficial e se cubran a de oficial e as vacantes que están presupostadas de policía.
4. Pedimos que no incremento de CE ao posto de auxiliar que asume función de maior responsabilidade figure no documento que será solo mentres asuma estas funcións.
5. Non estamos dacordo con que a asignación do CE ás 2 prazas de ludotecarias estea vinculado a asunción de tarefas de coordinación; e de estalo parécenos insuficiente a cantidade.
6. Estamos dacordo con axuste do CE das prazas de auxiliares de axuda a domicilio pero baseándonos no razoamento que se da de desprazamentos durante a xornada laboral e uso do coche propio pedimos que se aplique a todo o persoal que está nas mesmas circunstancias.
7. Non parece razoable que haxa persoal responsable dun servizo cun CE inferior ao do persoal que coordina e que ademais e dun grupo inferior.
8. Pedimos asimesmo a revisión do CE do persoal do servizo de protección civil xa que non nos parece axeitado que sexa inferior ao dun operario de servizos, pois entendemos que debe terse en conta a turnicidade, perigosidade, penosidade, nocturnidade e demais esixencias destes postos e o risco que conlevan as súas funcións. O mesmo caso dáse co CE da policía local en comparación co dun posto administrativo.
9. En canto ao persoal de Nauta Sanxenxo nos estamos dacordo co incremento do CD en detrimento da mesma cantidade do CE. Pedimos que se deixe como está na actualidade se non hai circunstancias diferentes engadidas nos postos de traballo.

Visto o informe emitido en materia de persoal e fiscalizado favorablemente pola Intervención deste concello e tendo en conta igualmente o interese en que os orzamentos entren en vigor o antes posible, é polo que se presenta esta moción.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ó Pleno do Concello esta **MOCIÓN PARA LA RESOLUCIÓN DE LA ALEGACIÓN DA CIG AOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2018 DO CONCELLO DE SANXENXO**

e propoñemos ao Pleno a tomar o seguinte acordo:

-Inadmitir ás alegacións presentadas pola CIG aos orzamentos municipais do Concello de Sanxenxo, no escrito con data de rexistro 24 de xaneiro e número de entrada 652, dado que os eu contido non se axusta a ningunha das causas tasadas no artigo 170.2 do RDL 2/2004. En Sanxenxo, a 29 de Xaneiro de 2018.”

Sr. Guisasola Padín: a urxencia é porque a alegación entrou con data 24 de xaneiro, último día para presentar alegacións ao presuposto. Para resolvela habería que levala a un pleno e, como xa se celebraron as comisións informativas, a única maneira era traela a este pleno en forma de moción. Achegouse coa moción a alegación presentada e o informe de persoal fiscalizado pola intervención.

Sr. Martín González, presidente: moitas grazas, antes de votar a urxencia quero aclarar que, aínda que esta moción a presenta o Partido Popular, é de acordo co goberno bipartito.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.**

Sr. Guisasola Padín: como dixen anteriormente, non se podía traer o asunto na orde do día, senón única e exclusivamente a través dunha moción, co que non teríamos que facer un pleno extraordinario.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: entendo a presa por parte do grupo de goberno de traela desta forma tan intempestiva, o concelleiro Guisasola entregounola esta mañá, ás dúas e media pasadas. Entendo que a presa vénvos porque mentras non resolvades isto, non podeades poñer en práctica o orzamento, pero este tema non se merecía esta presa, porque desde as tres e media da tarde eu, persoalmente, non teño os elementos suficientes para valorar, non puiden falar con ningún representante dos traballadores da CIG para saber exactamente o que pretendían con este escrito, co que non podo pronunciarme agora, o que creo é que están amparándose nun defecto formal dubidoso, ao meu criterio, para non entrar a valorar o fondo e despachalo rápidamente, que creo que tampouco é o correcto, co que non vou votar a favor.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: este tema é de persoal e voume centrar no que acaba de dicir a concelleira Vanessa, co que estou totalmente de acordo, paréceme un tema bastante importante e que deberíamos ver con tempo. Eu coñezo, mais ou menos, algunhas áreas do concello e algunhas teñen problemas e noutras, cos orzamentos, tentáronse mellorar, pero queda moito por facer. Estiven lendo isto que me prestou Vanessa, a min entregáronmo agora, polo tanto acábome de enterar e hai cousas destas que se que hai que solucionar, entón eu creo que quitalo así de encima, mediante unha moción, non está ben, eu o deixaría para mais adiante, con mais tempo e entón, polo menos, podería valorar, tal e como dixo Vanessa, así, en frío e en menos de cinco minutos, é bastante complicado, polo que me vou a abster.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: comparto a opinión de Vanessa e de Roberto, a min tamén mo acaban de dar agora mesmo, creo que é un tema bastante importante, que queren quitálo de no medio canto antes para ter aprobados os presupostos, pero creo que se tiña que facer un estudo máis profundo, polo que anuncio que me vou a abster.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: unha alegación ao orzamento non é unha cuestión menor, o orzamento ten a obriga legal de publicarse durante un período de 30 días e esta é unha alegación, polo tanto, a forma de moción, non cabe dúbida de que non é a máis adecuada, o feito de que xa pasasen os prazos da comisión informativa non é motivo polo que non sexa tratada como corresponda na Comisión de Asuntos Económicos e, posteriormente, como punto da orde do día. Indo aos apartados que reflicte o escrito da CIG, hai unha serie de cuestións que non están incluídas no orzamento, independentemente que estean ou non dentro dos supostos de admisibilidade, ao mellor comprometéronse a unhas cuestións que despois non reflicte no orzamento ou o que é o mesmo, fan acordos de máximos a nivel de negociación sindical, pero logo iso converterase en convenio, como vostedes dixeron a bombo e prato, estamos neste pleno e aínda non veu, pode significar que, ao mellor, despois, ese convenio, unha vez que pase a fiscalización, decaía. Descoñecemos se hai apartados do escrito da CIG que obedecen a compromisos adquiridos nese borrador de convenio e que vostedes logo non reflectiron no orzamento, polo tanto, ante esa dúbida, non vamos apoiar a moción.

Sr. Guisasola Padín: Señora Vanessa vostede soamente tiña que ler tres follas, coas conclusións chegáballe, tres parágrafos, porque a lei di o que considera alegación ou non. Teñen razón o Sr. Roberto e a Sra. Coral, porque se lles entregou a documentación agora, pero os tempos son os tempos e como ben dixer, para non volver a facer outro pleno, porque se isto non o traio agora e os convoco para o mércores ou o xoves para facer un pleno extraordinario, entón se que se arma. Está informado favorablemente por quen ten que estar informado, nas conclusións o pon ben claro, as alegacións presentadas pola CIG, en data 24 de xaneiro de 2018, non están nas causas para entablar reclamación, segundo establece o artigo 170.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba a lei reguladora das facendas locais. Polo tanto está fiscalizado favorablemente, está informado favorablemente e non se de que se estraña, porque o ano pasado tamén estiveron na mesma situación, presentaron alegacións outros sindicatos e non houbo ningún problema. O convenio, de momento, non está aprobado, polo tanto non se puido acordar nada que no estea aprobado.

Sra. Rodríguez Búa: como dixer antes, a documentación entregóusenos ás dúas e media e reitero que se están aproveitando dunha cuestión formal, a raíz dun artigo, pero eu creo que se cabe, porque por exemplo no punto B, dise que *“poderán entablarse reclamacións contra o orzamento por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude do precepto legal ou de calquera título lexítimo”* e calquera outro tipo lexítimo engloba, por exemplo, que na preceptiva negociación que se ten que facer cos sindicatos antes da aprobación do orzamento, se houbese adquirido algún tipo de compromiso que logo non se levou a cabo, como se refería antes o compañeiro David. Penso que están alegando un tema xurídico puntual para esquivar tratar unha cuestión de fondo e iso o digo porque lin o informe, se non o lese non houbese dito iso, polo tanto, coas tres follas non creo que se poida despachar isto.

Sr. Guisasola Padín: soamente unha cousa, cando se aproban os orzamentos, cando hai unha mesa de negociación, se leva a acta, lean o acta da mesa de negociación, haber se pon ou se se esixe algo.

Sr. Martín González, presidente: como é posible que leve un mes aprobado o orzamento e no último minuto que remata a exposición, vén a CIG e mete as alegacións, saben que non nos dá tempo para facer como queren vostedes para traer hoxe isto a Pleno, desde que aprobamos o presuposto tiñan coñecemento de todo, pero non, a presentan no último día, no último minuto, por rexistro. Os que o fixeron mal foron os seus compañeiros da CIG e vostede estaría informadísimo, imaxínome. Vamos a someter a moción a votación e deixemos a cousa así.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a **moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.** ..-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR QUE CAMBADOS SEXA A SEDE DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE “RIAS BAIXAS”. A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“María Deza Martínez, voceira do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA SOLICITAR QUE CAMBADOS SEXA A SEDE DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIAS BAIXAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende tempo inmemorial o nome de Cambados e do Salnés vai asociado ao viño albariño. Xa a principios do século pasado a prensa comarcal recollía as demandas dos viticultores e adegueiros de Cambados e do Salnés dunha maior atención ao albariño, conscientes do seu enorme potencial.

Fai máis de sesenta e cinco anos, Cambados celebra o principal acontecemento de promoción deste viño: a Festa do Albariño. Sen esforzo e o traballo de todos e todas que teñen participado na súa organización non sería posible falar do que representa o sector do albariño na actualidade.

Hoxe en día arredor do 75% dos viticultores da Denominación de Orixe “Rías Baixas”, son veciños do Salnés e máis do 65% do viño prodúcese na nosa comarca.

No ano 2017 Cambados foi a Cidade Europea do Viño, un recoñecemento internacional concedido pola Rede Europea de Cidades do Viño. Sendo o primeiro municipio galego en acadar tal galardón.

Por todas estas razóns, Cambados merece ser a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe “Rías Baixas”.

Con todo, en outubro de 2003 acordouse levar a sede do Consello Regulador a Pontevedra, a pesar de non estar incluída esta cidade na Denominación de Orixe “Rías Baixas”, o que constitúe un feito insólito nas máis de 70 Denominacións de Orixe existentes en España.

Debido a esta decisión, Cambados e O Salnés, non se están a beneficiar na medida que merecen do traballo realizado durante moitas décadas a prol do viño albariño, perdendo oportunidades de promoción exterior.

Ademais de reparar unha inxustiza histórica, situar a sede do Consello Regulador en Cambados constituiría un extraordinario impulso económico para o tecido comercial e industrial cambadés e saliniense que redundaría na xeración de riqueza e na tan necesaria creación de emprego.

Xa que logo, por historia e por xustiza, a sede do Consello Regulador “Rías Baixas” debe estar en Cambados.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ó Pleno do Concello esta **MOCIÓN PARA SOLICITAR QUE CAMBADOS SEXA A SEDE DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS**

E propoñemos ao Pleno o seguinte acordo:

- Apoiar a reivindicación do concello de Cambados ante o Consello Regulador da Denominación de Orixe “Rías Baixas”, para situar a sede do mesmo en Cambados.
- Dar traslado ao concello de Cambados do presente acordo. En Sanxenxo, a 29 de Xaneiro de 2018.”

Sra. Deza Martínez: a urxencia desta moción vén a raíz da petición realizada polos viticultores e adegueiros da nosa comarca, en xeral e, en especial, polos do Concello de Sanxenxo e, tamén, pola petición realizada de forma explícita polo propio Concello de Cambados.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.**

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Lendo a moción “*Con todo, en outubro de 2003 acordouse levar a sede do Consello Regulador a Pontevedra...*” ¿Quen acordou trasladar? ¿O Consello Regulador? Entón, agora rectifican en todo caso. Independentemente diso é obvio que a Comarca do Salnes é o Concello de Cambados, é a referencia e orixe deste viño. Tamén digo que o Consello Regulador ten unha función importante e nun ano importante, como o dous mil dezasete, o Consello Regulador probablemente non estivo á altura do evento, polo menos no inicio. Independentemente diso, nós estamos plenamente de acordo que sexa Cambados a sede.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a moción a votación na que, por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.** -----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO INSTANDO AO GOBERNO DO CONCELLO DE SANXENXO PARA QUE POR PARTE DO PRESIDENTE DO GOBERNO SE CUMpra A LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Dna. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo

EXPÓN:

Hai uns días o noso concello, o concello de Sanxenxo, estivo representado en FITUR, e sendo conscientes da importancia das redes sociais hoxe en día, a empresa pública Turismo Sanxenxo creou o hashtag #meencantasaxenxo, si ben é certo que tras comprobar co tweet binder o escaso impacto da etiqueta #meencantasaxenxo e vendo que no twitter de Turismo Sanxenxo a publicación máis popular é retuiteada tan so 3 veces e con 10 gústames, dámonos conta da pouca repercusión que nesta rede tivo, e sobre todo si o comparamos coa cantidade de representantes da corporación municipal que se deixaron fotografiar nesa feira.

Uns días antes, e tamén utilizando a mesma rede social twiter, o presidente do goberno estatal Mariano Rajoy escribía que remataba o ano en “Sangenjo”, mensaxe retuiteada en 436 ocasións.

É inaudito que o concello de Sanxenxo esteamos a gastar cartos públicos publicitando o seu nome en distintas feiras por varios continentes para que logo o señor Mariano Rajoy, político que ten repercusión pública, non respecte a toponimia OFICIAL do noso concello.

Temos que recordar que a Lei de Normalización Lingüística galega do ano 1983 no seu artigo 10 punto 1 di que “ os topónimos de Galicia terán como UNICA forma oficial o galego”, esa lei tamén recorda que os responsables políticos teñen a obriga de cumprila, e todas e todos sabemos o gran interese e empeño que pon, ultimamente, Mariano Rajoy en que se cumpran as leis, unha vez por todas mencione correctamente o nome oficial do noso concello: SANXENXO.

Por todo o exposto, Como pode ser que o señor Mariano Rajoy non se dera por enterado daquela pois ausentouse de esa votación sendo membro de Alianza Popular, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte

ACORDOS

-Instar ao Goberno de Sanxenxo que lle faga chegar ao presidente do goberno estatal, Mariano Rajoy, unha copia da Lei de Normalización Lingüística, así como unha queixa por parte de esta corporación co rogo que CUMpra esta lei, e de unha vez por todas mencione correctamente o nome oficial do noso concello: SANXENXO. Sanxenxo a 29 de xaneiro de 2.018.”

Sra. Fernández Agraso: é para que non o volva a facer, a ver se o di correcto.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.**

Sr. Martín González, presidente: díxenlle a Concelleira de Cultura, nós non imos votar esta moción, porque me parece unha “chorrada”, vou a explicar mais, estou de acordo que hai que nomear Sanxenxo, eu cando unha persoa, sobre todo de Madrid, dí Sangenjo, dígolle, mire, se vostede quere dicilo así, ten que dicir San Ginés, que foi o fundador de Sanxenxo, eu o explico así á xente cada vez que teño oportunidade Eu, que moitas veces digo na intimidade ao Sr.

Presidente de España que hai que dicir Sanxenxo porque nos vén ben, porque debe ser así, non estou de acordo en mandarlle ao Presidente de Goberno de España, a Lei de Normalización Lingüística, para que aprenda a dicir Sanxenxo, non o vou a facer, porque non me parece correcto. Entón, cada vez que vostede teña a oportunidade de estar con el ou, xa que resulta que vostede é unha muller que está moi atenta ás redes sociais, mándello así a Moncloa, que por certo, non as leva el, como comprenderá. O que quero dicir é que desde o grupo de goberno, imos rexeitar a moción, porque non nos parece sería, a min gustaríame que o Bloqu trouxese aquí mocións para instar o Goberno de España en cousas importantes para todos os veciños de Sanxenxo. Eu de vez en cando, como estou pouco nas redes sociais, teño que dicir algunha “chorrada”, que tamén as digo e xa se encarga a compañeira Sandra Fernández de colocalas despois, como a de onte, do parking. Onte moitas persoas gozaron do bonito que estaba Sanxenxo e eu estou en contra de que no parking se aparque unha hora gratis e de que se quite o coche para fóra e volvelo a meter para non pagar, é lamentable e triste. O que me gustaría é dar dúas horas de balde, non unha, pero para estar dúas horas de balde no parking, van a traer un ticket de compra nun comercio ou nun bar, pero vén moita xente para pasear e non queren pagar tan sequera unha hora de parking, pois non me parece correcto, sinceramente o digo. Polo tanto non imos abrir o parking de arriba para que veñan a pasear sen gastar nada aquí, Referente á moción, paréceme unha “chorrada” mandar ao Presidente Goberno a Lei, ten outros problemas mais grandes, o que temos que coidar e que o Presidente do Goberno, siga sendo o Presidente do Goberno de España e siga vindo a Sanxenxo.

Sra. Fernández Agraso: sabes que vendendo eres o mellor, está ben que se explique a unhas persoas maiores que veñen de Madrid, porque a xente nova, case todo o mundo di Sanxenxo, pero non estamos falando dunha persoa calquera, estamos falando do Presidente do Goberno e que hai unha lei a que este Señor non fai nin caso, porque non é nin a primeira, nin a segunda, nin a terceira vez que o fai e publicamente, polo tanto faino consciente e a posta, entón iso a min moléstame. Aparte as redes sociais lévamas David. Independentemente diso creo que está de mais menosprezar o nome do noso Concello, a min paréceme grave que non se diga o nome como é na toponimia oficial, que é Sanxenxo, tampouco é San Ginés, é Sanxenxo.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: paréceme interesante o que estades a falar, aínda que lle esteamos dando demasiada importancia. Do tema do hashtag este, non ten que ser Twiter, por mais que chegue a moitos sitios, eu estiven en Fitur e despois falarei sobre o tema na cuestión de preguntas e aclaro que paguei eu todo. Esta moción presentouse para facer política, por Fitur pasan 250.000 mil persoas, hai xente de todo o mundo, eu estiven alí, podo falar do que é Fitur, non sei se todos os que estades nesta mesa foron a Fitur, podes fotografiarte con quen queiras e facer cada un o que queira. Se pode estar en Madrid de moitas maneiras, xa o dixen, fun pola miña conta e como min hai outras persoas que foron pola súa conta. O tema de Sanxenxo, eu son de Sanxenxo, para min é Sanxenxo, cuando era mais mozo igual dicía Sangenjo, pero diso fai 25 ou 30 anos, teño amigos que sendo de aquí, din Sangenjo, eu dígolles que non, que é Sanxenxo, pero é a forma na que eles falan, é o seu costume e o Señor Rajoy, como calquera outra persoa que fala castelán, non galego e que ten na cabeza 50 mil millóns de cousas, di Sangenjo en lugar de Sanxenxo, aínda que é verdade que sendo quen é e veraneando aquí, podería dicir Sanxenxo, dito isto anuncio o meu voto pola abstención.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: tense que cumprir a lei e o Sr. Rajoy tería que saber que Sangenjo non se di, se di Sanxenxo, pero non é para mandarlle a lei de normalización, entón voume a abster.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: independentemente de que a algúns lle pareza unha chorrada e a outros non, é certo que houbo malestar de xente de Sanxenxo, porque este tweet tivo resposta, entón creo que tampouco é como para minusvalorar esta cuestión e eu vou votar a favor. Independentemente do ton xocoso, ao mellor haberá que mandarlle unha carta a Rajoy, para que sepa o nome do sitio como é. Creo que hoxe vostede non está moi centrado, entre calificar isto de chorrada e o dito no tema da igualdade, trouxo unhas perlas preciosas e non é respectuoso, porque se houbo xente que se sentiu ofendida e provocou unha reacción, respectando iso, eu vou votar a favor.

Sra. Fernández Agraso: unha pequena aclaración, o Señor Mariano Rajoy expresouse en Twitter e facendo unha comparativa de que a súa mensaxe era retwitteada en 436 ocasións, polo tanto tivo moitísima mais repercusión a palabra Sangenjo, que me encanta Sanxenxo, que apenas tivo incidencia en Twitter, por iso nomeei Fitur, eu non falei de quen foi a Fitur, se llo pagou, se non llo pagou, nin eu insinuei nada ao respecto diso, cada un que dea as oportunas explicacións, se quere e, se non quere, tamén. E efectivamente, non só houbo malestar nos veciños de Sanxenxo, hubo moito, creo que chegou a ter 1800 comentarios, onde a gran maioría dos tweets galegos eran recriminándolle o feito de que utilizase Sangenjo, polo tanto a vostede poderalle parecer unha chorrada, pero en cambio a moitos galegos e galegas e a moitos veciños de Sanxenxo, non.

Sr. Martín González, presidente: imos votar en contra, porque non me parece un tema serio como para traer unha moción, paréceme ben que se lle lembre, como dixen aquí que é a miña posición cando unha persoa di Sangenjo. A base diso, pois que ben, que mil e pico de persoas estivesen atentos ao que dicía e falaron de Sangenjo ou Sanxenxo, non me importa, oxalá estivesen a falar todos os días e, se tivese que dicir Sangenjo, saio dicindo Sangenjo todos os días, é bo para Sanxenxo, porque é unha maneira de estar a facer publicidade.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 04 (Grupo Municipal do Bloque Nacionista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, **a moción non resultou aprobada**-----

4º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. RODRÍGUEZ BÚA, PARA SOLICITAR A CONCESIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO DAS AXUDAS ENCAMIÑADAS Á HABILITACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES ESTABLECIDAS NA ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2017, POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIAL. A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION**:

No ano 2004, fai xa case 14 anos, iniciouse o periplo da posta en marcha do Parque Empresarial de Sanxenxo, situado en Nantes. Un polígono que o actual alcalde prometeu rematar en tres meses, pero que despois de 7 meses, segue igual ou peor, xa que nestes meses o único que conseguiu foi enfrontarse cos propietarios.

Un dos problemas fundamentais que segue paralizano o desenvolvemento do parque empresarial de Nantes e o económico. Neste sentido creo que o noso deber, como concelleiros da corporación municipal, intentar axudar para poder conseguir a posta en marcha do polígono; o cal quizás poidamos lograr a través dunha liña de subvencións que acaba de ser publicada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O pasado 17 de xaneiro publicouse no DOG a Orde de 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réximen de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.

Na devandita orde contéplase a vontade da Consellería de establecer medidas de apoio á actividade económica a través de proxectos de investimento en materia de infraestruturas de instalación e de servizo ás empresas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 28 de febreiro de 2018 e nas bases reguladoras da subvención contéplase como obxecto destas axudas as seguintes tipoloxías de actuacións:

- Plantas de depuración de augas; os proxectos poderán incluír, ou ter como obxecto, os colectores con vertedura á depuradora municipal
- Xestión de residuos dentro do parque empresarial
- Infraestruturas varias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial
- Instalación de sistemas de seguranza e vixilancia dentro do parque empresarial
- Instalacións común de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios dentro do parque empresarial
- Instalacións de sistemas contra o roubo de cable dentro do parque empresarial

A subvención pode chegar os 180.000,00 euros por solicitude, podendo un mesmo concello presentar varias solicitudes, sempre e cando se refiran a diferentes tipoloxías de actuacións, dentro das que acabamos de mencionar.

Entendemos que a posibilidade de disfrutar de esta subvención representaría un aporte económico considerable para axudar a rematar o polígono e poñelo en funcionamento canto antes, e o Concello de Sanxenxo non pode permitirse o luxo de non solicitar estas axudas.

Por todo elo, solicito o Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Acórdase solicitar, antes do 28 de febreiro de 2018, a concesión ao Concello de Sanxenxo das axudas encamiñadas á habilitación e mellora das infraestruturas do parque empresarial de Nantes establecidas na Orde de 27 de decembro de 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o cal deberán realizarse todos os trámites oportunos para elo. En Sanxenxo, a 22 de xaneiro de 2018.”

Sra. Rodríguez Búa: en canto á urxencia, evidentemente, o prazo para solicitar esta axuda remata o 28 de febreiro, de aí vén a urxencia.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.**

Sra. Rodríguez Búa: Simplemente quero dicir que cando chegou a min, por casualidade, a publicación da Orde no DOG do 17 de xaneiro, cando todos vostedes, precisamente, estaban en Fitur, lina detidamente e quedáronme dúbidas, porque certos extremos non se concretan, fixen a consulta á Xunta, que me contestaron nun primeiro termo, basicamente respondendo as dúbidas, aínda así compróbarono e despois volveron poñerse en contacto connigo para confirmarme o que me dixeron a primeira vez. Varias das dúbidas que preguntei eran, por exemplo, porque na Orde en ningún momento se especifica, se o polígono industrial ou parque empresarial para o que se pode pedir estas axudas, ten que ser de titularidade municipal, titularidade pública ou de titularidade privada. Temos todos claro a estas alturas que o polígono que nos ocupa é de titularidade privada e confirmáronme na Xunta que non é un inconveniente que sexa de titularidade privada para que se poida pedir esta axuda, o que se se esixe é que sexa o Concello quen a pida e podería facelo, igual que coas demais obras que ten que facer para rematar o polígono con cargo ao aval, tamén encaixaría no que estipula a Orde, segundo o que me indicaron na Xunta. Outra cousa pola que tamén me entrou a dúbida é que di que para poder cobrar e xustificar a subvención vai esixir que ten que estar listo para funcionar, pero aínda que o polígono industrial non estea recepcionado cando finalizase esta subvención, que creo que hai que xustificar aos seis meses da concesión, tampouco impediría cobrar a subvención, porque o que di é que ten que estar listo para funcionar e non que teña que estar funcionando. Entón o que quero dicir, despois de ler detidamente a Orde e de consultar coa Xunta ata en dúas ocasións, é que parece que encaixa no suposto que temos en Sanxenxo para poder solicitar estas axudas, axudas que, evidentemente, non significan que o Concello teña que aportar nada, nin os veciños de Sanxenxo teñan que aportar nada ao polígono, o único que se pretende aquí é que o Concello de Sanxenxo preste unha axuda para aliviar aos propietarios do polígono, que agora, debido á situación que temos, teñen que facer un aporte económico.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: co que agora acaba de contar Vanessa, vou votar a favor, o que me estraña e se, sendo o concello, non sabíades nada destas subvencións, porque é bo todo o que sexa recibir este tipo de subvencións que axudan a mellorar isto.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: igual que os meus compañeiros anteriores, vou votar a favor, é unha apartación moi boa e é todo positivo.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: nós consideramos que o polígono é de promoción privada, pero non imos falar do polígono nin de como se chegou ata aquí, porque teríamos que ter un pleno exclusivo, pero referido á posibilidade de investimento, cremos que o destino dos fondos públicos, neste caso, poden ser os accesos aledaños ao polígono ou o que é o mesmo, destinalos a vías ou obras nas inmediacións, é dicir os Sistemas Xerais Adscritos, que ademais no caso do polígono, como está previsto no Plan Xeral, conta unha vía de acceso ao núcleo de Vilalonga, cremos que se se analiza a posibilidade de investilo nas inmediacións, dentro das consideración dos Sistemas Xerais Adscritos ao propio polígono, non se debe deixar de solicitar a subvención, outra cousa é o destino que se de.

Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular: Señora Rodríguez fai mais na oposición que cando estaba no goberno. Parece mentira que estivese como concelleira de persoal durante dous anos, pero vindo ao concello soamente unha vez á semana, raro sería que coñecese a todo o persoal. Está vostede, estea eu ou estea quen estea, mentras siga

funcionando o concello, hai persoas moi cualificadas para levar o tema das subvencións, evidentemente nin eu, nin o alcalde ou ningún compañeiro podemos estar todo o día mirando o BOP ou o DOG. Como vostede anuncia con bombo e prato na prensa que igual estábamos despistados, fíxese vostede, no día 17 de xaneiro, ás 15:36 minutos, mándanme a subvención, pero esquécese de que non hai só esta, hai unha moito mais importante para viveiros de empresas en polígonos industriais, duns 240.000 euros, non se preocupe que para iso temos profesionais cualificados, parece que insulta ao personal deste Concello, porque vostede foi concelleira de persoal. Pero é mais, a vostedes notificóuselles por correo electrónico no ano 2017, o 20 de febreiro de 2017, agora que está tan preocupada, por iso digo que traballa mais agora que antes, dínos que non nos podemos permitir o luxo de perder esta subvención e o 20 de febreiro de 2017, exactamente a mesma subvención, pódeme explicar porque non a solicitaron e se houbo constancia de que llo notificaron por correo desde esta casa. Mire se cre que todo o problema é económico está bastante confundida, ogallá que só fose económico. ¿Ten un informe por escrito conforme vale a subvención? Como vostede ben nos di ou nos ten dito algunha vez, as palabras voan, entón, aínda estamos estudando a subvención, é complicado que se atope solución, porque como vostedes ben dixeron, é un polígono novo de xestión privada e como vostedes ben saben, o concello non o pode poñer en ningunha partida orzamentaria. Non se preocupe que o estamos estudando, temos profesionais, non só para esta, temos un montón de subvencions que nolas pasan todos os días e téntanse xestionar e solicitar, polo tanto, o que parece mentira é que vostede falte ao respecto aos profesionais deste concello, sabendo que hai profesionais que todos os días están vendo os boletíns. Eu vou votar en contra e non quere dicir que non vaíamos a facer isto, temos que estudiala, veremos se podemos ou non, hai que ter en conta que pode haber un tema xurídico moi grave, que asumamos unha responsabilidade que non teñamos que asumir, ao mellor é por donde quere ir vostede, porque o outro día, na asemblea, non a vin tan ilusionada con que se acabase o polígono.

Sra. Rodríguez Búa: simplemente mais mentiras do Sr. Guisasola, que é a súa especialidade, á parte dos seus argumentos. Vostede se insulta aos traballadores cando pretende despachar en dous minutos unha alegación que presenta un sindicato que ten un gran número de representantes entre os seus traballadores, que son tamén desta casa. A min déronme a documentación ás tres da tarde, pero aos meus compañeiros Coral e Roberto déronlla agora mesmo, sen ningún tipo de explicación, sen ningún tipo de valoración e iso se que é un insulto, sen nin sequera atender ao que están pedindo, que están no seu dereito e excusándose de entrar no fondo nun mero tema formal, que ademais non é acertado, eso se que é insultar aos traballadores e non o que está dicindo que fago eu, que non sei ao que se refire. En canto a iso de que lle dedico agora mais tempo que antes, iso non fai falta explicalo, evidentemente non é certo, non vou a dar explicacións agora de canto vin ou deixei de vir, o certo é que pasaba moito mais tempo aquí do que tiña que pasar e non era un día só á semana, senón que eran moitísimos mais, pero da igual, non vou a entrar nesa valoración, porque non ten ningún sentido. En canto a se o ano pasado había esa subvención ou non a había, eu era concelleira de persoal e como tal esta área non era algo que vixiase constantemente, porque non estaba na área que eu atendía, porque nós se traballábamos, nós se tiñamos as tarefas repartidas e eu nin me metía nas áreas dos outros, só para aquilo que tiñamos que votar entre todos, nin os demais na miña, eu facía meu traballo, pero non o dos demais e, díxeno antes, agora chegou a min por casualidade, porque pola miña actividade profesional estaba mirando outro tipo de axudas e a vin, senón, ao mellor, tamén pasaría desapercibida e tiña medo de que tamén se vos pasase desapercibida, por moito que diga que lle enviaron unha mensaxe ou non sei que. Se me din que o van a examinar, estupendo, tamén lle digo outra cousa, que a examinen para poder pedila, non para non pedila, lémbrolle unha frase moi repetida e se ten dito aquí, dos argumentos que diciades todos os días mentras nós

governabamos, que cando traíades mocións, dicíamos que estabamos a traballar niso e diciades “que casualidade, sempre que traemos unha moción o goberno xa está a traballar nela”. Agora pasa o mesmo, antes estrañáballe, agora non, pois me alegro de que a estuden, porque outro dos argumentos moi típicos do PP cando estaban na oposición, é máis, creo que está nunha foto no Facebook do PP de fai uns meses, cando aínda non gobernaban, que dicía: “Quen queira facer algo atopa un medio, quen non quere facer nada, atopa unha excusa”. Entón espero que cando estean examinando isto, o estean examinando sen buscar a excusa, senón atopando o medio, ademais o Sr. Telmo Martín, como acaba de presumir no pleno de hoxe, sae en prensa dicindo barbaridades e despois, claro, evidentemente, chámanlle a atención desde a xunta e intenta camuflalo dicindo que era unha estratexia dun político que sabe como se moven os mecanismos do poder.

Sr. Martín González, presidente: pídlle que volva ao tema que nos ocupa, Sra. Rodríguez Búa.

Sra. Rodríguez Búa: Pode utilizar aquí tamén as artimañas ou soamente as utiliza para o que lle interesa. Entón isto non lle interesa.

Sr. Otero Domínguez: non me vou a reiterar, simplemente considero que hai un Sistema Xeral de Comunicacións que dan ao polígono, mesmo hai un apartado no Plan Xeral para poder, como mínimo, proxectar, polo tanto que se vexa a posibilidade de utilizar eses fondos para tramitar, polo menos, os terreos, non dá para outro tipo de actuación, pero se en termos de arranxo ou en termos de planificación ou de proxección da obra, estou a referirme ao vial entre Vilalonga e o polígono, son Sistemas Xerais Adscritos, están no Plan Xeral, que se vexa a posibilidade de investir todo ese diñeiro para este fin ou na sinalización das inmediacións do polígono que ten, obviamente, relación directa co propio polígono. Respecto da subvención citada polo Sr. Guisasola, teño que recoñecer que eu coñecín en febreiro do ano pasado esa subvención, porque cando vostede di que se comunicou ao concello, refírese á alcaldía, hai un correo da alcaldía, se o busca, se ninguén borrou, aparece na alcaldía, porque era unha cuestión habitual que entrase pola alcaldía e lembro perfectamente que o concelleiro de infraestruturas chegou un día e dixo "mira teño isto aquí, non sei se poderá pedir ou non"; díxenlle que o polígono é de promoción privada, polo tanto se non foi aproveitada e porque non sabían que facer con ela o concelleiro de infraestruturas e, en todo caso, o alcalde, que foron os primeiros que a recibiron. Sr. Fernández Piñeiro, Sr. Gonzalo Pita, que ninguén se atribúa o mérito que non lle pertence, neste caso, todo o mérito é de vostedes.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción non resultou aprobada**-----

5º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. RODRÍGUEZ BÚA, PARA QUE SE INCLÚA DENTRO DA LIÑA DE INVESTIMENTOS DO PLAN CONCELLOS 2018 A REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA NAVE DO SERVIZO DE EMERXENCIAS E O REMATE DA PISTA POLIDEPORTIVA DE NANTES. A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION**:

O Plan Concellos, aprobado e deseñado polo actual grupo de goberno da Deputación de Pontevedra, é un plan financiado con fondos propios da Deputación destinado á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia, entre os que se atopa Sanxenxo.

Por medio deste Plan dáselle cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

A finalidade dos investimentos que se poden realizar co financiamento previsto neste Plan é triple: en primeiro lugar, a realización de novos investimentos que garantan o funcionamento dos servizos municipais e a reactivación económica; en segundo lugar, o cofinanciamento dos gastos correntes municipais; e en terceiro lugar, o fomento do emprego.

En congruencia cos principios informadores do propio Plan e o principio de autonomía municipal consagrado nos artigos 137 e 140 da Constitución, correspóndelles aos concellos a decisión á hora de definir as prioridades na execución das distintas liñas de actuación en que se distribúe o Plan, adecuándoas ás especificidades de cada municipio, dentro dos límites establecidos para o debido control e vixilancia do uso dos recursos públicos. Correspóndelles tamén a elaboración dos proxectos e a licitación e a execución das obras, dentro do marco da lexislación de contratos do sector público.

En definitiva, dentro do marco flexible do Plan Concellos a elección da actividade subvencionable correspóndelles aos concellos, así como a súa execución e adecuada xustificación cumprindo cos requisitos establecidos na normativa xeral e autonómica reguladora das subvencións públicas.

A principal novidade do Plan Concellos deste ano 2018 é que se trata dun plan bianual, financiado con fondos propios da Deputación de Pontevedra, que vai poñer a disposición dos concellos 72 millóns de euros, 42 millóns do 2018 (un 2% máis que no 2017) e 30 millóns de euros da liña 1 do Plan do 2019.

Dúas das actuacións pendentes que, dende o goberno tripartito tíñamos intención de incluír no Plan Concellos, eran:

-Reparar e acondicionar a nave de Adina, inmovible propiedade do Concello, onde se atopa o Servizo de Emerxencias e que se encontra nun estado lamentable.

-A segunda fase construtiva para rematar o futuro Pavillón de Nantes.

A nave onde se atopa o Servizo de Emerxencias foi adquirida por o Concello en tempos de José Luis alcalde (1995/99) para instalar alí unha escola taller de albanería e electricidade. No ano 2005, na nave, entón en desuso, se decidiu ubicar o Servizo de Emerxencias, que está ubicado na Adina dende entón. A pesar de que xa fai 20 anos que esta nave e propiedade do Concello, nunca se destinou partida algunha a súa reparación en condicións e acondicionamento; e elo, a pesar de que nela, os membros do Servizo de Emerxencias, con quendas de 24 horas continuas, teñen a súa base, e por tanto alí pasan un número de horas considerables. As referidas instalacións están nun estado máis que lamentable e debese proceder sin máis espera a súa reparación e acondicionamento.

En canto a construción dun Pavillón Polideportivo en Nantes, ésta era unha demanda dos pais e nais dos nenos do Colexio de Nantes, para que puideran contar con un sitio adecuado e non exposto a intemperie para os nenos. O anterior goberno tripartito dou resposta a esta petición incluíndo no Plan Concellos 2017 a construción dunha pista polideportiva que poderá ser usada por o Colexio en horario escolar e por os demais veciños, fora de ese horario escolar. A primeira fase deste proxecto xa foi aprobado por a Deputación e o inicio das obras xa está cerca. Sin embargo, para rematar de todo esta edificación é necesario una segunda fase construtiva que debe incluírse no vindeiro Plan Concellos.

Tendo en conta que as liñas de investimento do Plan Concellos da Deputación 2018 e 2019 van se aprobar previsiblemente nuns días, éste e o momento oportuno para tomar a decisión de incluír no próximo Plan Concellos da Deputación estas dúas actuacións.

Por todo elo, solicito o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Acórdase incluír dentro da liña de investimentos do Plan Concellos 2018 a reparación e acondicionamento da nave, propiedade do Concello, onde se atopa a base do Servizo de Emerxencias de Sanxenxo, e a segunda fase construtiva para rematar a Pista Polideportiva de Nantes; para o cal deberán realizarse todos os trámites necesarios para elo. En Sanxenxo, a 25 de xaneiro de 2018.””

Sra. Rodríguez Búa: a urxencia ven dada porque, evidentemente, se o Plan Concellos se vai aprobar agora e se coincide, como nos anos anteriores, para presentar os proxectos o mes de marzo ou abril, entendo que se terá que facer canto antes, para ter a documentación oportuna no momento que remate o prazo, por iso creo que o momento é neste Pleno.

A continuación o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.**

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: non teño que dicir practicamente nada mais que vou votar a favor.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: Paréceme estupendo que se suxiran cousas en plan construtivo, polo que vou votar a favor da moción.

Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal: Sra. Rodríguez é certo que vostede foi responsable no seu momento dos Servizos de Emerxencias, coñece ben as naves, están lamentables, como ben di, eu tamén coñezo a nave, sei que está en mal estado e a cuestión é que esa nave require unha reforma integral para quedar decentemente. A cuestión aquí non é a reforma integral da nave, co presuposto que supoñería, senón a ubicación, eu considero que a ubicación non é a idónea, posto que o concello, agora mesmo, dispón de solo suficiente no polígono, que sería a localización mais idónea para ese servizo, polo tanto non vexo necesario agora mesmo incluír no Plan Concellos esa infraestrutura. En canto ao tema do pavillón de Nantes, como ben sabe vostede, o Grupo do SAL levou precisamente unha proposta na campaña electoral para levar a cabo esa pista cuberta, non era de inicio un pavillón, niso estaremos de acordo, logo fomos a un proxecto mais ambicioso e tratouse de facer un proxecto en fases, para chegar a concluír que fose un pavillón polideportivo. Logo noutro Plan Concellos, creo lembrar o ano pasado, o maior investimento adicouse a esa pista polideportiva, con 253.000 euros. A seguinte fase sería o peche da pista polideportiva para quedar concluída a obra e afortunadamente vaise a facer ese peche, nadie di que o investimento ten que ser con cargo ao Plan Concellos, senón que pode ser con recursos propios do concello, polo tanto esa actuación se que se vai a levar a cabo, pero non ten porque ser no Plan Concellos, porque a política dos proxectos que se van a meter no Plan Concellos, decídea o grupo do goberno.

Sra. Rodríguez Búa: en canto ao argumento de que non é o sitio idóneo para situar a nave, que temos metros no polígono, de aquí a que teñamos a disposición os metros do polígono, que se constrúa a nave e demais, poden pasar anos, desde logo tres meses non, iso seguro, á parte diso, iso non quitaría que a nave segue sendo propiedade do concello, aínda que non se ubique alí o Servizo de Emerxencias porque se lle atope un mellor lugar no polígono industrial, cousa que no seu día falamos cando eramos tripartito, entendiamos que tanto a Policía Local como os Servizos de Emerxencias tiñan que ter unha ubicación no polígono industrial. O día que a poida ter eu non o vexo cercano, sinceramente.

Sr. Martín González, presidente: ¿a Policía Local tamén?

Sra. Rodríguez Búa: se, tamén o falamos no seu día, tranquilo que agora decides ti, se non che gusta, cámbiase. O que nós dixemos daquela, o que nos valoramos daquela, era iso, evidentemente aínda non se tomase a decisión, pero se que era unha cousa que falamos, en calquera caso, que esa non é a mellor ubicación e que o día de mañá poida ir para alí, paréceme perfecto, pero iso non quita que siga sendo un edificio propiedade do Concello, que non ten que estar caendo a cachos. En canto a se se necesita unha reforma integral, seguro que se necesita, como xa tiñamos pensado incluílo dentro do Plan Concellos, fíxose unha valoración, creo lembrar perfectamente 150.000 euros, para facer o arranxo mínimo, agora se non o vedes necesario, eu o vexo necesario, a decisión tráioa ao Pleno para que se debata e que cada un posiciónese. En canto a Nantes, desde o inicio, falouse que se quería facer alí unha pista polideportiva e desgranouse o proxecto en dous, porque se entendeu que meter todo nun Plan Concellos era moi difícil, por iso se desgranou en dous, coa intención de meter a segunda fase neste plan e, agora, deciden que non o queren meter no plan e que o queren pagar con cartos do concello, eu no presuposto non o vin, pero se o poden facer, o que quero é que se faga, dáme igual que se faga co Plan Concellos ou cos cartos do presuposto, o que pasa é que confío mais nos cartos do Plan Concellos, porque sei que van vir, que en todos eses cartos que se contemplaban no presuposto e que a maioría deles serán metafóricos. Entón, nese sentido, creo que é oportuno, se de verdade o queredes facer, metelo no Plan concellos, se queredes poñer unha escusa para dicir non porque o queredes facer con recursos propios, poñer a escusa que queirades, eu creo que o xusto era metelo no Plan Concellos, para poder garantir a esta xente que vai poder contar coa pista polideportiva, como así nos comprometemos, como así o quixemos facer sempre, nese sentido entendo que estas dúas actuacións teñen que ir no Plan Concellos 2018 e 2019.

Sr. Fernández Piñeiro: Dicir simplemente que a determinación das obras que van ao Plan Concellos a toma o Goberno, iso non quita que haxa que facer a segunda actuación, niso estamos de acordo, non ten que ser precisamente no Plan Concellos, iso non quere dicir que non se faga, ademais creo que é necesario facela.

Sra. Rodríguez Búa: este é o meu criterio, que teñen que ir as dúas actuacións no Plan Concellos e por iso tráioo aquí, para que se coñeza e se posicionen, se a posición é que non ten que ir, pois non ten que ir, pero dicilo, eu creo que ten que ir, agora, simplemente, cada un ten o seu criterio.

Sr. Agís Balboa: a medida que estades a falar, a min o tema do polígono paréceme moi ben, o tema dos bombeiros, igual, pero estou de acordo no que dixó Daniel, a ubicación do sitio non é a idónea, entón iso depende de vostedes, se van abrir o polígono en pouco tempo, mellor facer

unha cousa alí, pero se tardan dez anos, haberá que reformalo, porque os chavales están alí, practicamente, todo o día.

Sr. Martín González, presidente: como di a Sra. Rodríguez, a nave custaría arranxala 150.000 euros e a nós parécenos que é mellor investir eses cartos, por exemplo, nos colexios, que necesitan moita reparación, parécenos que hai que priorizar todos os colexios, igual que pensamos que a nave de emerxencias podería estar moito mellor, pero está. En cambio, as que se están mal son as casetas de vixilancia dos socorristas no verán, estaremos de acordo en que non están en condicións, entón, como ben dicía o Sr. Fernández, o Goberno ten que priorizar temas.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción non resultou aprobada**-----

ROGOS

1º) **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita:** solicitaría que se colocasen uns sinais de prohibido para camións e autobuses na saída da vía rápida que vai cara ao centro de Nantes, porque cada vez que hai unha festa, como a que se viviu agora coa festa da fabada, veñen os camións e os autobuses, os camións das orquestras. O **Sr. Martín González** pregunta se é na rotonda de abaixo, aclarando a **Sra. Rodríguez Búa** que non, é cando se sae da vía rápida, na saída que vai cara ao núcleo de Nantes. O **Sr. Martín González** comenta que foi unha pena e que tiña razón. A **Sra. Rodríguez Búa** indica que aí, cada vez que hai festas, mesmo os camións das orquestras, por exemplo, na festa da fabada, estiveron paralizados como dúas horas, case se cargan un hórreo. O **Sr. Martín González** di que hai que facer igual que fixemos cara a Dadín.

2º) **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita:** hai moitas queixas por uns embolsamentos de augas, principalmente, polas queixas que recibín, estes tres son os que se repetían constantemente. No paso de peóns de Baltar, á altura da piscina, cando se vai para ao cámping, hai un embolsamento de auga, aínda por encima, como hai un paso de peóns, cando pasan os coches mollan á xente que está alí para pasar. Enfronte do terreo de “Construcuatro”, na rotonda de Baltar, tamén hai un embolsamento de auga e tamén pasa o mesmo problema. O outro sitio no que pasa tamén é na parada de autobuses que hai diante do Templo Novo, en Sanxenxo, aí faise como embolsamento de auga e á xente que está na parada do bus, esperando os poucos buses que pasan, salpícana. Habería que solucionar estes tres problemas de embolsamento de auga, polo menos estes tres que lle fago constancia.

3º) **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita:** hai unha queixa dos veciños de Touticeira, na zona que está en Vilalonga, case practicamente os que están na recta, cara a Ensenada. Fáltalles presión na auga, terá que ir “Espiña&Delfín” por alí, porque nesa zona, practicamente, non teñen presión na casa.

4º) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** como dixen moitas veces, as mocións que se aproban, eu rogaríalle que se fagan, porque hai mocións que están aprobadas fai, se cadra, anos e anos. Entón eu rogaríalle que, por favor, se se apueban as mocións, que se leven a cabo, senón tampouco valen para nada.

5º) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** falando de sinais, eu, ás veces, atopei sinais de tráfico, un stop, por aí tiradas e unha ou dúas veces chamei á Policía para dicilo, pero algunhas destes sinais en mal estado as vi unha semana tiradas, concretamente unha en Dorrón, aquí en Nanín, está o sinal tirado e pasa un día, paso outro día e un pasa por alí todos os días e di, pero que pasa aquí, ninguén ve isto despois de chamar. O **Sr. Martín González** pregunta se están na estrada provincial, autonómica ou local do Concello. O **Sr. Agís Balboa** indica que non se dicir a quen pertence, se un sinal está tirado, o lóxico é que alguén o arranxe, porque repercute no tráfico e é un perigo tamén.

6º) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** falando do Plan Concellos, eu xa pedín isto, xa o pedín con mocións, onte pasei por alí, a famosa estrada de Outeiro, alí está todo parado, non se está facendo nada, xa que falades do Plan Concellos, non se se o meteredes, polo menos o famoso acceso para a xente de Outeiro. O **Sr. Martín González** indica que xa está iso, xa o anunciaron hoxe na Deputación. O **Sr. Agís Balboa** di, pois haber se fan.

7º) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** relativo ao tema da comunicación, a internet, alguén me comentou por WhatsApp o tema, por exemplo hai unha zona cega en Dorrón, onde non chega internet, hai varias zonas que non chega o ADSL, non chega a Fibra óptica. Se que estades a traballar no tema da Administración Electrónica, teño escoitado iso hai moito tempo, pero aínda non está feita, vaise implementar no Concello, para os traballadores, porque é un lixo, moi lenta, estas cámaras e estes micrófonos que hai por aquí dan problemas desde que se empezou a utilizar o famoso YouTube, porque a velocidade da internet do Concello é un lixo, entón, cando se mellore iso, mellorará todo o que é a retransmisión en directo, mellorará o que é o son, mellorará, sobre todo, o traballo da xente de concello, etc, etc. Eu pediría que o Concello, desde o Grupo de Goberno, miren se hai subvencións ou falar coas compañías, o que sexa, que se tente implantar en todo o Concello, non se se é posible, a fibra óptica.

8º) **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:** Xustamente estes días consultaba a páxina da Xunta, da Consellería de Agricultura e Medio Ambiente, referido ao tema do mapa galego pola distribución dos niños da velutina e saen un número reducido de concellos e ademais establece por cores, en función de se hai de cero a cinco, de cinco a dez e así sucesivamente, hai unha serie de concellos que aparecen en distintos apartados e en distintos tramos dese mapa, pero o Concello de Sanxenxo non aparece, á data do 18 de xaneiro. O **Sr. Martín González** di que fomos os que mais retiramos. O **Sr. Otero Domínguez** di que estou seguro que se retiran moitos, pero volvemos ao mesmo de sempre, non se retiran todos porque é imposible, eu teño comunicado a Emerxencias do Concello a localización dalgún que outro e é certo que os medios do Concello non dan para retiralos dalgunhas localizacións un tanto illadas, sen posibilidade de entrada do vehículo de retirada. Quero dicir con isto que dá a impresión, falo en global, que a sociedade está mais

preocupada por este asunto que as propias Administracións, rogo que se chegue a algún tipo de mecánica de funcionamento habitual coa Consellería, basicamente para que cubran eses ocós que o Concello non pode retirar, hai localizacións dalgúns que non se puideron retirar, basicamente por non dispoñer das posibilidades técnicas para facelo, entón do que se trata é, polo menos, figurar no mapa, para atender da forma máis rápida posible, con medios propios e con medios alleos. É unha cuestión importante porque realmente proliferan a un ritmo increíble e rogo que se coordine esta cuestión coa Consellería.

PREGUNTAS.

1º) **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita:** en marzo de 2017 o PP presentou unha moción alegando que era moi necesaria unha ordenanza de terrazas no Concello de Sanxenxo e parece que agora se esqueceu por completo, de feito encargouse polo anterior goberno tripartito un informe dunha empresa especializada cos datos efectivos de ocupación e demais, que de feito pedín por escrito en varias ocasións e aínda non se me remitiu, o presenteí hai varios meses e aínda non me chegou, simplemente saber se estades a traballar na ordenanza de terrazas e prazos para tela lista.

Sr. Martín González, presidente: é verdade que había unha intención, por parte do Goberno anterior e tamén nosa, de facer unha ordenanza de terrazas, pero consideramos que neste momento é máis importante falar e ordenarlle aos que teñen locais que poñan terrazas de cómo deben facelo e non estamos a tempo para este verán de facer unha ordenanz.

Sra. Rodríguez Búa: en marzo de 2017 presentaste xa unha moción

Sr. Martín González, presidente: pero estaba na oposición e para nós non é prioritario agora mesmo, que non hai persoal suficiente neste concello para facer un montón de pregos e priorizamos o que cremos é o interese xeral de verdade e o tema das terrazas é soamente en dous sitios, en Portonovo, na rúa Rafael Pico e, básicamente, no Porto Deportivo de Sanxenxo. Temos os medios suficientes e a valentía para facer cumprir unhas normas de convivencia na rúa, sen ter ordenanza, como xa o demostramos neste verán pasado, polo tanto, hai que mirar se este verán funcionan ben as terrazas ou non funcionan, non podemos perder o tempo agora nunha ordenanza.

2º) **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita:** fai catro meses xa se trouxo a este Pleno, por iniciativa miña, a solicitude para que se fixese máis publicidade aos contratos menores, houbo compromiso aquí, diante de todos, por parte do Alcalde que se ía a facer, hai dous meses, no último Pleno Ordinario, preguntei e díxome que non tiña tempo, non sei se agora tivo tempo, aínda que sexa no avión de Fitur, puido facer algo, non sei.

Sr. Martín González, presidente: xa me está fastidiando un pouco o tema de Fitur, porque o dis unha maneira, pódese explicar.

Sra. Rodríguez Búa: ese é outro tema dos que tamén se falaba dunha forma na oposición e agora fálase doutra, porque antes criticaban que fosen dous e agora van cinco, iso son as cousas que chaman a atención, non pasa nada.

Sr. Martín González, presidente: creo que te estás equivocando Vanessa, mira que eu che aprecio ben.

Sra. Rodríguez Búa: en calquera caso, o tema son os contratos menores que están sen publicar porque non tiveches tempo.

Sr. Martín González, presidente: eu teño todo o tempo do mundo, o que non teño son os medios nesta casa suficientes para facer todo iso que ti estás pedindo, exactamente levamos catro meses a voltas cun prego de telefonía, é unha vergoña que non funcione internet nesta casa, é unha vergoña que non teña WI-FI no despacho do alcalde, hai moitas cousas que, por certo, non fixeron en dous anos, estamos intentando modernizar e actualizar esta casa por dentro.

Sra Rodríguez Búa: se cadra non se acorda que o solicitado era que se fixese unha publicidade pequena, o único que necesitaba era un anuncio de dúas liñas na páxina do concello, non creo que iso requira duns medios tecnolóxicos.

Sr. Martín González, presidente: se que se require do tempo de persoas que traballan neste concello que teñen que facer moitas cousas, lamentablemente estase xubilando xente e resulta que temos que contratar persoal, temos un problema grave.

3º)) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** eu teño dúas, a primeira é sinxela, a segunda vai ser difícil. A primeira é sobre o tema da Lanzada, porque a min xa me cansa un pouco o tema este dos paseos que anden a voar polo aire, xa lle preguntei na comisión, pero quero que o explique aquí, polo menos así os veciños decátanse, quero saber que pasa co tema do paseo, que van facer despois de voar tres veces, sería unha vergoña que sigan coa mesma historia.

4º)) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** E despois o tema do famoso carril bici, porque despois de que eu pedise o tema, de que presentase unha moción aquí, que se aprobase poñer carrís bici cando fixesen novas estradas no Concello de Sanxenxo, falouse de que o tramo que se fixo primeiro na Lanzada, non se facía porque non entraba no orzamento, é estamos agora co segundo tramo, falando con xente que creo que ten alí hoteis, dixéronme que tampouco o ían a engadir nese segundo tramo. Quero saber cando teñen pensado facelo, cal é a data, paréceme increíble, honestamente paréceme unha vergoña que non se faga iso, que non se estea a facer a día de hoxe no novo tramo, é o que me dixo xente que está alí, se aquí non vai o tema da bicicleta, como o van a facer cando pase por Portonovo ou polo Paseo de Silgar, se non o fan hoxe en día, que aínda non hai beirarrúas e espazos, o día de mañá non as van a facer.

Sr. Martín González, presidente: Fíxome dúas preguntas, unha referente ao carril bici e outra referente ao paseo, referente ao paseo xa lle pedimos á consellería que ese paseo non se pode volver colocar en madeira, entón como é un tema que está nunha zona protexida, están a mirar os de Medio Ambiente para poder poñer un pavimento cun muro de contención ou algo que estea acorde para que non pase o que pasou, afortunadamente non houbo ningunha desgraza persoal, o que nos prometeron e que non vai ser como estaba feito.

Referente ao carril bici aquí houbo un problema desde o principio, falámolo moitas veces, eu tampouco estou de acordo que non haxa un carril bici desde Portonovo ata A Lanzada e ata enlazar co seguinte Concello, agora metinme nese tema e as expropiacións que se fixeron no terceiro tramo, que vai desde Major ata Canelas, resulta que non está expropiado para facer un

carril bici, é un movemento de tres millóns de euros, mais ou menos, con cinco quilómetros de longo, que agora non vai levar carril bici, para levalo habería que empezar de cero outra vez, eu considero que nun futuro haberá que buscar a forma de facer un carril bici, tiñamos que empezalo ao principio de todo, no primeiro proxecto, desde A Lanzada, este tema é un pouco delicado, agora non se poderá facer, eu son sincero, comenteino pero é imposible.

Sr. Agís Balboa: díxose nesta sala que se ía a facer nos seguintes dous tramos e hoxe en día resulta que non estaba planificado xa desde o principio, a min paréceme penoso.

Sr. Martín González, presidente: non, non estaba planificado.

Sr. Agís Balboa: quérese fomentar que a xente non ande en coche, vida saudable, medio ambiente e resulta que aquí pensamos en todo menos nas cousas básicas, non podemos andar en bicicleta, aquí temos en Portonovo, nada mais.

Sr. Martín González, presidente: estou completamente de acordo, pero o que tiña que facer o Concello, no seu momento, era redactar o proxecto, eu estou en contra que veñan cun proxecto que non participamos en nada, cantos proxectos redactáronse da Lanzada e, ao final, como quedou, porque despois de facer un proxecto, aínda hai que mirar, veñen uns a pedir que vaia así o muro, aquí que vaia cara adentro ou para fóra, é imposible, eu estou de acordo que leva moito tempo facer un proxecto e cando está aprobado definitivamente non se pode mover, por dicir algo, nin un milímetro, tiñano que contemplar desde un principio, o que non pode ser é que se empezou, non vou dicir ben ou mal, pero a verdade que era moi mellorable, debía ter un carril bici ata A Lanzada, pero non vai poder ser nese terceiro tramo porque retrasariamos moito, o terceiro tramo o van a licitar, mais ou menos, no mes de marzo, porque a Conselleira nos dixo que a empresa tiña o pedido feito, pasou algo e pasaron tres ou catro meses, era para licitala antes de final de ano.

Sr. Agís Balboa: eu creo que os proxectos non hai que atrasalos un ano se se fai o carril bici. Se non se fai, ao final dentro de catro días, o problema é o mesmo de sempre, a non ser que fagan un túnel ata A Lanzada, é a única solución.

Sr. Martín González, presidente: é verdade que queda actuar polo outro, seguramente nun futuro.

5º) **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** esta é, mais que unha pregunta, unha retórica, falando de Fitur, quero que saiban os que están aquí e os que están a mirar por internet e que quede gravado, ademais dicirlle ao Sr. Secretario que quero que conste en acta que eu fun a Fitur a custo cero para o concello, a cero euros, porque fun pola miña conta. Vou a explicar como foi o tema de Fitur, porque hai xente que critica, simplemente, por tirar merda aos demais. O tema de ir a Fitur, estaba nunha comisión, aquí están presentes os voceiros da oposición e estaban alí tamén, o Sr. Alcalde dixo que sería interesante que a oposición fose tamén. Eu comenteille que sería interesante, pero ía ser un gasto e dixo, teñen tempo ata mañá, porque senón collemos os nomes para ir ao tema de Q Calidade, etc, non se podía entrar como representantes ou concelleiros de Sanxenxo ou, no meu caso, como membro do Consello de Administración de Turismo de Sanxenxo. Ao día seguinte eu tomei a decisión de ir, pero díxenlle, eu vou ir, cunha condición, que vou pola miña conta, teño amigos en Madrid, vou moitas veces a Madrid, pago o billete de avión, mais ou menos 75 €, chego alí, vou ao piso dun amigo e non teño problema ningún, os gastos págomos eu e así foi. Entón, eu quero clarificar iso

e gustaríame que me clarificasen vostedes, porque quero explicarlle a todo o mundo, mesmo para os que están aquí e para os veciños de Sanxenxo o que é Fitur. Fitur hai que vivilo, é unha experiencia, considero que se aprenden cousas cando se vai alí, promociónase Sanxenxo, aínda que a xente pensa que non se promociona nada, se o din, se cadra é que non estiveron, cando vaian, que opinen. Gustaríame preguntarlle ao Sr. Alcalde e aos concelleiros que estiveron alí, sei que estivo Marcos e o Sr. Juan Deza, mesmo teño algunhas fotos con eles, como moita xente de Sanxenxo que son empresarios, etc, porque como concelleiro de Sanxenxo e como membro do Consello de Administración de Turismo de Sanxenxo, fun a Madrid, si, pero pola miña conta en representación de Sanxenxo, entón se hai un evento ou un acto, o lóxico é que a xente de Sanxenxo salga nas fotos, eu tiña que escapar das fotos, é mais, Rajoy pasou polo meu lado e non saín na famosa foto que anda polas redes sociais, falando diso, seguramente iso foi máis tuiteado que algunhas das cousas que se faloron aquí de Sanguenjo, Sanxenxo. Entón, gustaríame preguntarlles aos señores do Goberno, incluído o Sr. Alcalde, que tamén sei como foi o Sr. Alcalde, eu estiven en Madrid con el, falei con el, comín con el, falei con xente, mesmo, saben con quen coincidín no avión, quen foi sentado ao meu lado, o Sr. Lores, o Honorable Alcalde de Pontevedra colleu o avión, fun falando con el. O tema é que había xente de Cambados, xente de toda Galicia, de toda España. Eu quero que me expliquen vostedes, como foron e como foi a xente que representou Sanxenxo e como se pagaron esas contas, estivo o Sr. Suso tamén, o Sr. Gonzalo Pita, estivo xente de turismo traballando ata o domingo, quedaron dous días mais promocionando Sanxenxo, entón á xente parécelle mal, pero eu quero que mo expliquen, se xa saben os números, que mos digan, o que eu quero que quede claro é que eu fun a custo cero do Concello, paguei eu, e se teño que ir a outro lado, pois irei.

Sr. Martín González, presidente: eu vou comentar o que me acordo agora mesmo de memoria, pero pido aos meus compañeiros do Goberno que se digo algunha cousa que teñan que profundizar, que o digan. Empezando polo meu, eu fun a custo cero, co meu coche, estiven alí, pagueime os meus gastos e punto, estiven dous días, fun e vin en coche, non lle pasei nada ao Concello, que quede claro e non tiña por que facelo, porque tiña, perfectamente, un billete de avión e ter o hotel pagado polo Concello, porque considero que o Alcalde de Sanxenxo é, como mínimo, un membro político desta Corporación, nesa feira deberíamos estar, por iso fixen a invitación, porque creo que sería bo, governe quen governe, que a feira de Fitur, por ser quen somos no turismo de Galicia, deberíamos estar alí, pero bo, dá igual, eu fun a custo cero. O Tenente de Alcalde, creo que foi como membro da Mancomunidade no tema de turismo, pagou todo a Mancomunidade, non pagou nada o Concello de Sanxenxo. O Sr. Concelleiro de Turismo foi pagado polo concello, cun billete de avión de ida e volta, mais o hotel, non sei se despois hai gastos de dietas ou comidas, cen euros, non sei exactamente agora mesmo, pero foi o único dos políticos que foi pagado polo concello e Marcos Guisasola e Juan Deza foron porque lles apeteceu ir, foron eles, pola súa propia conta e gasto cero. Despois foron tres persoas, que son as dúas rapazas que estiveron na entrada e que traballan na Oficina de Turismo, mais a técnico de turismo, que loxicamente hai que pagarlles os gastos, que eu saiba non hai ningunha cousa mais, nin invitacións a ceas nin nada de nada, se hai algunha cousa que o diga, se me pregunta agora mesmo canto, exactamente, custou que fosen estas rapazas mais o Sr. Jesús Sueiro, pois non lle podo dicir, pódollo dicir, mañá pola mañá. Sr Agís, vostede que foi, se lle ofreceu un billete e dixo que non, que quería ir pola súa propia conta, o que lle entregamos a vostede, que saiba eu, era un cartón, porque dan un pase, que custa dous euros e que tampouco é tanto.

Sr. Agís Balboa: igual perdina, que pidan as contas do Concello, hai xente moi interesada en Turismo, que revisen as contas, miren os gastos e punto, eu usei o meu cartón de crédito, para que o saiban.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e tres horas e vinte minutos, de todo o que, eu secretario **dou fe:**